**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 21 de decembro de 2009**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTE:** |
|---|---|
| **Membros :** | |
| | |
| D. Abel Caballero Álvarez | |
| Dª Isaura Abelairas Rodríguez | |
| D. Francisco Xabier Alonso Pérez | |
| D. Xulio Calviño Rodríguez | |
| D. Santiago Domínguez Olveira | |
| D. Carlos López Font | |
| D. Eudosio Álvarez Álvarez | |
| Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro | |
| D. Santos Héctor Rodríguez Díaz | |
| D. José Manuel Mariño Mendoza | |
| | |
| **Invitados:** | |
| | |
| Dª Raquel Díaz Vázquez | Dª Laura López Atrio |
| Dª María Jesús Lago Rey | |
| D. Angel Rivas González | |
| D. Xesús López Carreira | |
| Dª Iolanda Veloso Ríos | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e un de decembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación a Secretaria Xeral do Pleno, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1859).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO POR IMPORTE DE 35.400€. EXPTE. 5930/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 25.11.09, o informe de fiscalización, do 2.12.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe

de Protocolo e Relacións Públicas, do 16.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1. “Conceder a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, CIF G-36980928, unha subvención pola contía de 35.400 euros, con cargo á partida de Alcaldía 111.0.489.00.04 (Outras subvencións), ou bolsa de vinculación.

2. A subvención terá como destino as actividades da asociación con especial incidencia no Festival de Habaneras e Polifonía e Maratón Coral Voces Galegas.

3. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
   Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
   A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

4. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

5. A beneficiaria, ao remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos
   incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
   A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.
   As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.
   Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o

motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

7. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

8. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

9. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

10. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado

    cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.
    Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.
    O beneficiario poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

11. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerase pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orza-

mentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**2(1860).- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE COMUNICACIÓN DE ACTOS DE TRANSPOSICIÓN DA DIRECTIVA DE SERVIZOS Ó MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do concelleiro de Xestión Municipal, do 17.12.09, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo en sesión plenaria ordinaria de data 30 de novembro do ano en que andamos adoptou, entre outros, os seguintes acordos:*

> *"4º.- Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora do libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo no Concello de Vigo. Trasposición Directiva de Servizos 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos no mercado interior. Expte. 1268/110.*
>
> *7º.- Proposta de aprobación de adoptción de medidas de trasposición da Directiva 2006/123/CE e de aprobación do proxecto de ordenanza específica de adaptación básica de tramitación de licencias e medioambientais. Expte. 995/400."*

*Ditos acordos lévanse a cabo dentro do conxunto de medidas que está adoptar o concello de Vigo para garantir a trasposición axeitada, no termo municipal, da Directiva de Servizos, sen perxuízo das posteriores modificacións que se produzan na lexislación estatal e autonómica.*

*A Lei 17/2009, de 23 de novembro, de libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, dispón na súa Disposición Final Quinta*

> *A fin de hacer posible el cumplimiento de la obligación contenida en el artículo 44 da la Directiva 2006/123/CE, del Parlamento Europeo y del consejo, de 12 de diciembre de 2006, relativa a los servicios en el mercado interior, las comunidades y Ciudades Autónomas y las Entidades Locales comunicarán a la Administración General del Estado, antes de 26 de diciembre de 2009, las disposiciones legales y reglamentarias de su competencia que hubieran modificado para adaptar su contenido a lo establecido en la Directiva y en la presente Ley.*

*A efectos de dar cumprimento a dita previsión legal dende esta Concellería preséntase a seguinte <u>PROPOSTA DE ACORDO</u>:*

*Primeiro.- Comunicar ó Ministerio de Política Territorial os actos de trasposición da Directiva de Servizos 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos no mercado interior, adoptados polo Concello de Vigo.*

*Segundo.- Remitir certificación dos acordos plenarios contendo o texto íntegro dos textos normativos aprobados, en cumprimentación do deber recollido na D.F. 5ª da Lei 17/2009, de 23 de novembro, de libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(1861).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES APROBADOS POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DE 2009. EXPTE. 3381/335.**

En cumprimento coa base 31 ª das de execución do rozamento xeral do Concello de vigo para o ano 2005, o concelleiro delegado de Animación Sociocultural, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de gasto menor correspondentes ó terceiro trimestre de 2009, tramitados no servizo de Animación Sociocultural, que son os seguintes:

*Expte*: 3151/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS PARA A PRAZA DA CONSTITUCIÓN: RAGDOG, SAN&SAN, TRAPUZAHARRA, CABARETENPEDRA E SIMBIOSIS
*Decreto concelleiro data*: 08/07/2009
*Informe Intervención*: RCM 39681
*Adxudicatario*: EVENTOS DEL III MILENIO
*Importe:* 17.180,00 EUROS

*Expte*: 3268/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIRECCIÓN ARTÍSTICA PARA O PROGRAMA MUSICAL VIGOURBÁN
*Decreto concelleiro data*: 08/07/2009
*Informe Intervención*: RCM 39682
*Adxudicatario*: SINSAL AUDIO
*Importe:* 4.120,00 EUROS

*Expte*: 3148/335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PREVENTIVOS DE CRUZ VERMELLA DURANTE AS ACTUACIÓNS DAS FESTAS DE VERÁN
*Decreto concelleiro data*: 09/07/2009
*Informe Intervención*: RCM 39744
*Adxudicatario*: CRUZ ROJA ESPAÑOLA
*Importe:* 8.123,00 EUROS

*Expte*: 3262/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS PARA O PROGRAMA MUSICAL VIGOURBÁN
*Decreto concelleiro data*: 13/07/2009
*Informe Intervención*: RCM 40223
*Adxudicatario*: SINSAL AUDIO
Importe: 20.879,99 EUROS

*Expte*: 3269/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS PARA A PRAZA DA CONSTITUCIÓN: JAVIER VEIGA, DOLLY, TENDER A MAN E MICHAEL GONZALEZ BAND
*Decreto concelleiro data*: 13/07/2009
*Informe Intervención*: RCM 40134
*Adxudicatario*: EVENTOS DEL III MILENIO
Importe: 15.549,00 EUROS

*Expte*: 3272/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DOS GRUPOS SIBELIUS ACADEMY E OMOFF
*Decreto concelleiro data*: 13/07/2009
*Informe Intervención*: RCM 40132
*Adxudicatario*: FUNDACIÓN SONDESEU
*Importe:* 18.000,00 EUROS

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**4(1862).- DAR CONTA DAS SEGUINTES SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.**

Dáse conta das seguintes sentenzas e autos remitidas por Asesoría Xurídica:

**A) SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DE VIGO, RECURSO Nº 779/09. DEMANDANTE: Dª CARMEN SOBRINO BLANCO. OBXECTO: EXERCIZO DA ACCIÓN DE DESPIDO. NON É FIRME, DESESTIMA A DEMANDA. EXPTE. 5398/111.**

**B) SENTENZA DO X CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 141/09 P.A. DEMANDANTE: D. PABLO FERNÁNDEZ ESTÉVEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 8.04.09, SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5323/111.**

**C) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 278/09. DEMANDANTE: Dª ROSA MARÍA PÉREZ CASTELLÓN. OBXECTO: CAIDA NA VÍA PÚBLICA´O 26.11.07. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5377/111.**

**D) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 308/09. DEMANDANTE: Dª ELVIRA ALVAREZ IGLESIAS. OBXECTO: CAIDA NA CALZADA. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5394/111**

**E) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 178/09. DEMANDANTE: Dª TERESA DE JESUS ESTÉVEZ BOUZO. OBXECTO: SANCIÓN TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5331/111**

**F) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 269/09. DEMANDANTE: D. PABLO FERNÁNDEZ ESTÉVEZ. OBXECTO: SANCIÓN TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5354/111**

**G) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. PROCEDEMENTO EN INSTANCIA Nº 736/09. DEMANDANTE: Mª BEGOÑA VELASCO GONZÁLEZ. OBXECTO: EXERCIZO DA ACCIÓN DE DESPIDO. SENTENZA QUE DESESTIMA A DEMANDA. EXPTE. 5398/111**

**H) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 131/09. DEMANDANTE: Dª DOLORES GONZÁLEZ ESTÉVEZ. OBXECTO: CAIDA DUNHA ÁRBORE NO AUTOMÓBIL. ACEPTA O DESESTIMENTO. EXPTE. 5298/111**

**I) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 383/07. DEMANDANTE: D. ANDRÉS ESCARIZ FUENTES. OBXECTO: PROMOCIÓN ADMINISTRATIVOS. SENTENZA ESTIMATORIA EN XGL 13.10.08. EN 2ª INSTANCIA. TSXG, SECCIÓN 1ª, APELACIÓN 628/2008. ESTA SENTENZA RESOLVE O RECURSO DE APELACIÓN QUE A CODEMANDADA PRESENTOU CONTRA O DE INSTANCIA, DESESTIMÁNDOO E FACÉNDOA FIRME. EXPTE. 4189/111.**

**L) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 293/09. DEMANDANTE: D. VICTOR M. CRUCES VEDMAR. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5381/111**

**M) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 331/09. DEMANDANTE: Dª ROSA IGLESIAS CONDE. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. ACEPTA O DESESTIMENTO DO ACTOR. EXPTE. 5425/111**

**N) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 164/09. DEMANDANTE: D. MIGUEL A. PRIETO LAGE. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5353/111**

**Ñ) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 143/09. DEMANDANTE: D. PABLO FERNÁNDEZ ESTÉVEZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5325/111**

**O) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 346/09. DEMANDANTE: D. MANUEL PÁRAMO PÉREZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. ARQUIVA O PROCEDEMENTO POR NON FORMULACIÓN DE DEMANDA EN TEMPO E FORMA. EXPTE. 5440/111**

**P) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 168/09. DEMANDANTE: AXA SEGUROS GENERALES S.A. OBXECTO: RECLAMACIÓN DANOS NO VEHÍCULO. TERMINACIÓN POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESAL. EXPTE. 5372/111**

**Q) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 49/09. DEMANDANTE: Dª ESPERANZA CALVO FERNÁNDEZ. OBXECTO: DANOS NO VEHÍCULO. REMATADO O PROCEDEMENTO POR SATISFACCIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA. EXPTE. 5118/111**

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**5(1863).- APROBACIÓN DO PROXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AVCD "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS. EXPTE. 4355/320.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de Xestión, Participación e Atención Cidadá, do 9 de novembro de 2009, conformado polo concelleiro delegado, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos (CIF:G-36623593)

Segundo.- Autorizar o gasto de 9.000 € con cargo á partida 4631.4890000 "Subvencións a entidades cidadás e sindicatos", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

6(1864).- **OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTO EN INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO PARA ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2009. EXPTE. 4383/320.**
Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do xefe do servizo de Atención e Participación Cidadá do 9 de decembro de 2009, coa conformidade do concelleiro-delegado, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral do 14 de decembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Conceder, con cargo á partida 4631.7800000 do vixente orzamento, as subvencións ás asociacións que de seguido se relacionan para os programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2009, dentro da convocatoria de subvencións para Programa de subvencións para o investimento en infraestruturas e equipamentos para entidades privadas sen ánimo de lucro para o ano 2009, por un importe total de 225.000,00 €:

| CIF | ASOCIACIÓN | PROXECTO | PTO | CUSTE PROXECTO | SOLICITUDE | PROPOSTA FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G-36648640 | A.V.C.S. San Miguel de Oia | Reparacións nas instalacións | 47 | 7.000,00 € | 4.900,00 € | 3.467,09 € |
| | | Equipamento informático | 38 | 1.500,00 € | 750,00 € | 750,00 € |
| | | | | | | 4.217,09 € |
| G-36709004 | A.V. Doutor Fleming | Eliminación barreiras arquitectónicas<br>Limpeza fachada | 36 | 3.118,28 € | 3.118,28 € | 2.182,80 € |
| G-36649325 | Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma | Reparacións nas instalacións | 36 | 3.000,00 € | 3.000,00 € | 2.100,00 € |
| G-36651073 | A.V.C.D. De Cabral | Reparación exterior do local social<br>Pintado e acondicionamento instalacións | 106 | 26.897,78 € | 11.000,00 € | 7.819,39 € |
| G-36644904 | A.VV Rosalia de Castro da Salgueira | Pintado local social | 48 | 6.000,00 € | 4.000,00 € | 3.540,86 € |
| | | Equipamento informático | 38 | 1.000,00 € | 500,00 € | 500,00 € |
| | | | | | | 4.040,86 € |
| G-36691855 | A.V.C.R. San Mamede de Zamáns | Acondicionamento local social | 34 | 2.273,60 € | 1.591,52 € | 1.591,52 € |
| | | Equipamento informático e de son. | 35 | 1.106,88 € | 553,44 € | 553,44 € |
| | | | | | | 2.144,96 € |
| G-36645885 | A.VV Casco Vello | Acondicionamento local social | 29 | 1.500,00 € | 1.500,00 € | 1.050,00 € |
| | | Equipamento informático e mobiliario | 38 | 5.000,00 € | 5.000,00 € | 1.196,86 € |
| | | | | | | 2.246,86 € |
| G-36623593 | A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos | Acondicionamento local social | 55 | 13.695,89 € | 9.500,00 € | 4.057,23 € |
| | | Equipamento de son. | 61 | 6.757,00 € | 3.300,00 € | 1.921,27 € |
| | | | | | | 5.978,51 € |
| G-36632081 | A.V.C.V- C.S.C.R de Beade | Reparación e acondicionamento patio cuberto | 70 | 15.924,48 € | 11.147,14 € | 5.163,75 € |
| | | Equipamento informático | 56 | 3.500,00 € | 1.750,00 € | 1.750,00 € |
| | | | | | | 6.913,75 € |
| G-36648988 | A.V.C.D. "San Xurxo" Saians | Acondicionamento sala manualidades | 53 | 6.000,00 € | 4.500,00 € | 3.909,70 € |
| | | Adquisición mobiliario. | 54 | 4.500,00 € | 2.250,00 € | 1.700,80 € |

| CIF | ASOCIACIÓN | PROXECTO | PTO | CUSTE PROXECTO | SOLICITUDE | PROPOSTA FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 5.610,50 € |
| G-36659894 | A.V. De San Roque | Acondicionamento local social. | 29 | 1.500,00 € | 1.050,00 € | 1.050,00 € |
| G-36633618 | A.V.C.D. Lavadores | Acondicionamento Pista Deportiva | 55 | 9.500,00 € | 9.500,00 € | 4.057,23 € |
| | | Adquisición de mobiliario | 61 | 5.900,00 € | 5.000,00 € | 1.921,27 € |
| | | | | | | 5.978,51 € |
| G-36648608 | A.V. De Navia | Instalación Chimenea local social | 34 | 4.495,60 € | 3.146,92 € | 2.508,11 € |
| | | Equipamento de son | 47 | 3.250,32 € | 1.625,00 € | 1.480,33 € |
| | | | | | | 3.988,43 € |
| G-36863348 | U.V.C.D.Candeán | Rehabilitación de fachada. Acondicionamento salón de actos | 87 | 18.404,59 € | 18.404,59 € | 6.417,80 € |
| | | Equipamento informático | 57 | 5.005,00 € | 5.005,00 € | 1.795,29 € |
| | | | | | | 8.213,09 € |
| G-36622793 | A.V.V Cristo da Victoria de Coia | Ampliación local social | 63 | 16.111,70 € | 16.111,70 € | 4.647,38 € |
| | | Equipamento informático | 52 | 4.000,00 € | 4.000,00 € | 1.637,81 € |
| | | | | | | 6.285,18 € |
| G-36633428 | S.C.D.R Helios-Bembrive | Eliminación de barreiras arquitectónicas | 41 | 4.000,00 € | 4.000,00 € | 2.800,00 € |
| | | Equipamento de iluminación | 86 | 10.001,00 € | 10.001,00 € | 2.708,68 € |
| | | | | | | 5.508,68 € |
| G-36631703 | S.C.D.R. “Nautilius” | Reformas no local social Acondicionamento do local social | 139 | 20.675,20 € | 20.675,20 € | 10.253,73 € |
| | | Mobiliario e equipamento | 79 | 5.753,60 € | 5.753,60 € | 2.488,21 € |
| | | | | | | 12.741,94 € |
| G-36628543 | A.C.D.Xestas | Eliminación barreiras arquitectónicas Reparación local social | 56 | 7.330,40 € | 7.330,40 € | 4.131,00 € |
| G-36617082 | C.C.R. De Valladares | Reparacións instalación eléctrica e aire acondicionado | 90 | 21.070,00 € | 14.749,00 € | 6.639,11 € |
| | | Equipamento informático | 71 | 7.800,00 € | 3.900,00 € | 2.236,24 € |
| | | | | | | 8.875,35 € |

| CIF | ASOCIACIÓN | PROXECTO | PTO | CUSTE PROXECTO | SOLICITUDE | PROPOSTA FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| V-36627495 | C.R.A.C.Coruxo | Reparación da cuberta e instalación eléctrica | 52 | 6.632,00 € | 4.600,00 € | 3.835,93 € |
| | | Adquisición proxector e aire acondicionado | 55 | 4.954,00 € | 2.500,00 € | 1.732,30 € |
| | | | | | | 5.568,23 € |
| G-36776227 | Asociación Cultural Fundición Nautilius | Reforma Local social | 24 | 3.000,00 € | 3.000,00 € | 1.770,43 € |
| | | Equipamento de son e material cursos | 35 | 2.600,00 € | 1.300,00 € | 1.102,37 € |
| | | | | | | 2.872,80 € |
| G-36634137 | Unión Musical de Coruxo | Instalación acometida eléctrica no local social | 43 | 8.052,00 € | 8.052,00 € | 3.172,02 € |
| G-36847861 | Asociación Comerciantes y Empresarios Traviesas | Reforma Fachada | 41 | 6.397,98 € | 6.397,98 € | 3.024,48 € |
| G-36614097 | Círculo Mercantil e Industrial de Vigo | Rehabilitación e acondicionamento local. Peche pistas Cidade Deportiva | 65 | 21.000,00 € | 15.000,00 € | 4.794,91 € |
| | | Equipamento informático e de son. | 44 | 3.890,50 € | 1.500,00 € | 1.385,84 € |
| | | | | | | 6.180,75 € |
| G-36427524 | Fundación Igual Arte | Acondicionamento local social. | 36 | 6.000,00 € | 4.000,00 € | 2.655,64 € |
| | | Equipamento informático e vídeo. Mobiliario. | 68 | 13.000,00 € | 4.000,00 € | 2.141,75 € |
| | | | | | | 4.797,39 € |
| G-36624120 | Asoc. Padres de Minusválidosde Pontevedra "APAMP" | Reforma Local social | 63 | 45.304,71 € | 11.779,23 € | 4.647,38 € |
| | | Adquisición mobiliario | 46 | 5.235,82 € | 2.367,91 € | 1.448,83 € |
| | | | | | | 6.096,21 € |
| G-36873511 | Alento- Asociación de Dano Cerebral | Construción 2º fase del Centro. | 37 | 15.000,00 € | 15.000,00 € | 2.729,41 € |
| G-79408852 | Médicos do Mundo | Acondicionameto local social | 38 | 6.440,58 € | 6.440,58 € | 2.803,18 € |
| G-36622835 | Asociación de Persoas Xordas de Vigo | Reforma Local social | 42 | 12.826,28 € | 8.978,39 € | 3.098,25 € |
| | | Equipamento de oficina e ocio | 41 | 3.706,35 € | 1.853,17 € | 1.291,35 € |
| | | | | | | 4.389,60 € |

| CIF | ASOCIACIÓN | PROXECTO | PTO | CUSTE PROXECTO | SOLICITUDE | PROPOSTA FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G-36605905 | Asociación ASPANAEX | Acondicionamento vestiarios | 23 | 3.654,00 € | 3.654,00 € | 1.696,66 € |
| G-36938272 | Asoc. Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" | Acondicionamento local social. | 29 | 4.814,00 € | 3.369,80 € | 2.139,27 € |
| | | Material psicolóxico | 32 | 2.000,00 € | 1.000,00 € | 1.000,00 € |
| | | | | | | 3.139,27 € |
| G-36812204 | ACF O Fiadeiro | Acondicionamento local social. | 25 | 1.740,00 € | 1.740,00 € | 1.218,00 € |
| | | Equipamento informático, maquinaria e mobiliario | 37 | 3.459,77 € | 3.459,77 € | 1.165,36 € |
| | | | | | | 2.383,36 € |
| G-15545353 | Fed. De Asoc. De Familiares e Enfermos Mentais de Galicia "FEAFES" | Reforma e acondicionamento do local | 50 | 8.108,16 € | 8.108,16 € | 3.688,39 € |
| | | Adquisición de mobiliario | 44 | 2.923,20 € | 2.923,20 € | 1.385,84 € |
| | | | | | | 5.074,23 € |
| G-36760064 | Asociación 3ª Edad Quiñones de León | Acondicionamento local social. | 29 | 3.120,40 € | 3.120,40 € | 2.139,27 € |
| | | Equipamento informático, de oficina e de imaxe | 38 | 2.505,00 € | 2.505,50 € | 1.196,86 € |
| | | | | | | 3.336,13 € |
| G-36946432 | Asociación Xuvenil Cultural Musiquina 33 MG | Acondicionamento local social | 19 | 1.570,75 € | 1.099,50 € | 1.099,53 € |
| | | Equipamento de son e gravación | 66 | 10.210,00 € | 5.105,00 € | 2.078,76 € |
| | | | | | | 3.178,29 € |
| G-36922045 | Asociación Pro Dereitos da Infancia ADDIS Galicia | Acondicionamento local | 17 | 2.859,84 € | 2.001,13 € | 1.254,05 € |
| G-39791691 | Agrupación Centros Deportivos E Culturais de Vigo | Reforma local Social. | 60 | 25.269,02 € | 15.000,00 € | 4.426,07 € |
| | | Adquisición equipamento informática e mobiliario | 75 | 10.281,08 € | 5.000,00 € | 2.362,22 € |
| | | | | | | 6.788,30 € |

| CIF | ASOCIACIÓN | PROXECTO | PTO | CUSTE PROXECTO | SOLICITUDE | PROPOSTA FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G-36626174 | Fundación Casa de Caridad de Vigo Hogar San Jose | Reforma Exterior Local Social | 30 | 11.598,84 € | 11.598,84 € | 2.213,04 € |
| G-36797579 | Fundación Cume para el Desarrollo De Culturas y Pueblos | Reforma adecuación local social | 33 | 9.820,00 € | 3.500,00 € | 2.434,34 € |
| | | Mobiliario, equipamento informático e deshumidificadores | 70 | 13.100,00 € | 3.500,00 € | 2.204,74 € |
| | | | | | | 4.639,08 € |
| G-36849883 | Asociación Autismo Vigo | Adquisición de local e reforma do mesmo. | 30 | 7.500,00 € | 7.500,00 € | 2.213,04 € |
| | | Equipamento Informático e mobiliario | 62 | 11.776,63 € | 5.000,00 € | 1.952,77 € |
| | | | | | | 4.165,81 € |
| G-36843951 | Asociación 3ª Edad Garatuxa De Nosas Rúas | Acondicionamento local social | 23 | 800,00 € | 800,00 € | 560,00 € |
| G-36655942 | A.V.de Parada-Maceiriña "Rúas e Fontes" | Mobiliario e complementos | 48 | 3.200,00 € | 1.600,00 € | 1.511,82 € |
| G-36648186 | A.V. Camiño Vello de Coia | Equipamento informático | 56 | 4.200,00 € | 3.000,00 € | 1.763,79 € |
| G-36659829 | A.V. De Coruxo | Equipamento informático e de son. | 48 | 2.006,80 € | 1.000,00 € | 1.000,00 € |
| G-36842284 | A.V.V. Da Miñoca | Equipamento informático, son e material diverso | 41 | 1.076,25 € | 1.076,25 € | 538,13 € |
| G-36655017 | A.V. Fonte do Galo | Equipamento de son e multimedia | 37 | 1.450,81 € | 725,41 € | 725,41 € |
| G-36641355 | A.VV Agarimo San Xoán Poulo | Equipamento informático | 29 | 1.299,20 € | 650,00 € | 649,60 € |
| G-36654036 | A.V. De Matamá "A Unión" | Adquisición mobiliario e equipo multimedia | 41 | 2.040,00 € | 1.020,00 € | 1.020,00 € |
| G-36620854 | S.C.D. Atlántida de Matamá | Mobiliario Biblioteca | 51 | 3.410,40 € | 3.410,40 € | 1.606,31 € |
| G-36791960 | Plan Comunitario de Teis | Adquisición mobiliario e equipamento multimedia | 43 | 2.800,00 € | 2.800,00 € | 1.354,34 € |

| CIF | ASOCIACIÓN | PROXECTO | PTO | CUSTE PROXECTO | SOLICITUDE | PROPOSTA FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G-36627941 | Asociación Cultural “O Coto” | Adquisición mobiliario e equipamento informático e multimedia | 39 | 1.714,98 € | 850,00 € | 850,00 € |
| G-36928646 | Asociación de Mulleres Veciñas contra os Malos Tratos | Equipamento informático | 30 | 1.345,60 € | 1.345,60 € | 672,80 € |
| G-36838514 | Asociación FonteNova | Equipamento informático e mobiliario oficina. | 28 | 2.261,00 € | 1.130,50 € | 881,90 € |
| G-36621290 | Casa de Andalucía en Vigo | Equipamento de luz e son. | 38 | 1.645,00 € | 1.645,00 € | 822,50 € |
| G-36964757 | Asociación de Mujeres Viudas Demócratas Europeas de Vigo | Equipamento informático e calefacción. | 24 | 854,22 € | 427,11 € | 427,11 € |
| G-36917037 | Asociación Xogais | Equipamento Informático e mobiliario | 26 | 1.259,00 € | 1.259,00 € | 629,50 € |
| G-15885981 | Galicia Acolle | Adquisición mobiliario oficina | 22 | 575,00 € | 575,00 € | 287,50 € |
| G-36954162 | Irmandade nosa Sra das Neves de Matamá | Equipamento informático e de son. | 33 | 2.357,10 € | 2.357,10 € | 1.039,38 € |
| G-83117374 | Fundación Secretariado Gitano | Equipamento informático | 26 | 3.857,04 € | 1.928,52 € | 818,90 € |
| G-36997153 | Asociación de Comerciantes e Autónomos de Pontevedra | Equipamento informático | 30 | 2.200,00 € | 1.100,00 € | 944,89 € |
| G-36710234 | Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra | Equipamento telefonía e publicidade | 20 | 436,00 € | 436,00 € | 218,00 € |
| G-36783611 | Unión de Radioaficionados de Vigo- Val Miñor | Equipamento de comunicación dixital. | 40 | 3.235,00 € | 3.235,00 € | 1.259,85 € |
| G-36838464 | Implicadas no desenvolvemento | Equipamento informático | 26 | 645,79 € | 320,00 € | 320,00 € |
| G-36352359 | Asociación Amarante para o Desenvolvemento | Equipamento informático e mobiliario. | 29 | 1.935,00 € | 967,50 € | 913,39 € |
| G-36925691 | Asoc. Galega contra as Enfermidades Neuromusculares (ASEM) | Adquisición mobiliario | 27 | 541,00 € | 270,00 € | 270,00 € |

| CIF | ASOCIACIÓN | PROXECTO | PTO | CUSTE PROXECTO | SOLICITUDE | PROPOSTA FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G-36044295 | Asociación de Axuda ao Enfermo Mental DOA | Equipamento oficina | 35 | 2.095,54 € | 1.047,77 € | 1.047,77 € |
| G-36907038 | Fundación Balms para la Infancia | Equipamento informático | 22 | 404,50 € | 202,25 € | 202,25 € |
| G-36697324 | Asociación Síndrome de Down Vigo | Equipamento informático | 37 | 2.952,20 € | 1.476,10 € | 1.165,36 € |
| G-36776920 | Asociación Familiares Enfermos de Alzheimer "AFAGA" | Equipamento informático, fotocopiadora e software terapéutico | 42 | 5.039,00 € | 5.000,00 € | 1.322,85 € |
| G-20486825 | Emaús Fundación Social | Equipamento Informático e mobiliario | 45 | 4.895,97 € | 4.895,97 € | 1.417,33 € |
| G-36846822 | Asoc. De Fibromialgia e SFC de Pontevedra "AFIBROPO" | Equipamento informático | 23 | 770,00 € | 770,00 € | 385,00 € |
| G-36620037 | FADEMGA Galicia | Equipamento Informático e fotográfico | 31 | 2.201,04 € | 1.100,52 € | 976,39 € |
| G-36968741 | Fundación Sondeseu | Adquisición de instrumentos e equipos de son. | 60 | 12.664,67 € | 5.000,00 € | 1.889,78 € |
| G-27725829 | Club Deportivo Te Amo Perú | Equipamento informático | 19 | 699,00 € | 699,00 € | 349,50 € |
| G-36768729 | Asociación Areas | Equipamento Informático. | 29 | 2.400,00 € | 2.100,00 € | 913,39 € |
| G-36816106 | Asociación Viguesa de Esclerosis Multiple AVEMPO | Material de rehabilitación | 29 | 2.070,00 € | 2.070,00 € | 913,39 € |
| G-36975944 | Asociación Manaia | Equipamento informático | 36 | 4.000,00 € | 2.000,00 € | 1.133,87 € |
| G-36634608 | Asociación Benéfica Beiramar | Equipamento informático e mobiliario | 28 | 2.400,00 € | 2.400,00 € | 881,90 € |
| G-36612752 | Real Club Naútico de Vigo | Equipamento Informático. | 75 | 10.150,00 € | 10.150,00 € | 2.362,22 € |
| G-27712306 | Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo | Equipamento Informático. | 17 | 1.455,00 € | 1.455,00 € | 535,44 € |
| V-36796506 | Comunidade Montes de Candeán | Mobiliario de oficina | 25 | 2.200,00 € | 2.200,00 € | 787,41 € |

| CIF | ASOCIACIÓN | PROXECTO | PTO | CUSTE PROXECTO | SOLICITUDE | PROPOSTA FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G-36999365 | Asociación Cultural Medioambiental “Bosque é Vida” | Equipamento Informático. | 19 | 649,00 € | 649,00 € | 324,50 € |
| G-36987147 | Asociación Galega de Apoio ao Inmigrante retornado “AZO” | Equipamento informático | 19 | 1.450,00 € | 1.450,00 € | 598,43 € |
| V-36626802 | Centro Cultural Rueiro | Equipamento informático | 29 | 800,00 € | 400,00 € | 400,00 € |
| G-36784296 | A.VV Movemento Cidadán O Noso Barrio | Renovación parrillas e mostradores | 31 | 300,00 € | 300,00 € | 150,00 € |
| G-36621803 | Grupo Tercera Edad “Cristo da Victoria” | Equipamento informático | 32 | 741,79 € | 741,79 € | 370,90 € |
| G-36835403 | Asociación de Bulimia e Anorexia De Pontevedra | Equipamento informático | 24 | 1.455,00 € | 1.455,00 € | 727,50 € |
| G-36921898 | Asociación Inclusión | Equipamento Informático e mobiliario | 44 | 8.800,00 € | 4.900,00 € | 1.385,84 € |
| G-36750479 | Asociación 3ª Edad “Rosalía de Castro” da Salgueira | Mobiliario de oficina | 44 | 5.708,36 € | 3.000,00 € | 1.385,84 € |
| G-36730521 | Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Vigo | Equipamento informático | 30 | 1.711,00 € | 1.711,00 € | 855,50 € |
| G-36750651 | Asociación Madres en Defensa Jovenes Drogodependientes MADRO | Equipamento Informático e mobiliario | 31 | 2.596,40 € | 2.596,40 € | 976,39 € |
| G-36914976 | Asociación A Revolta | Mobiliario e material de son | 20 | 783,00 € | 703,00 € | 391,50 € |
| G-27719293 | Asociación Café K | Equipamento Informático. | 17 | 1.108,15 € | 1.108,15 € | 535,44 € |
| TOTAL | | | | | | 225.000,00 € |

Segundo.- Non conceder subvención ás entidades que se relacionan, por non ser conformes con algunha das bases reguladores que rexen estas subvencións:

| ASOCIACIÓN | PROXECTO | MOTIVO |
|---|---|---|
| A.VV de Balaidos | Acondicionamento local social | Base 6ª .5.- Non estar ao día nas obrigas tributarias co Concello de |

| ASOCIACIÓN | PROXECTO | MOTIVO |
|---|---|---|
| | | Vigo |
| Espeleo Club Ara-delas | Adquisición refuxio de espeleo-loxía en León | Base 5ª .1.b) O proxecto non se axusta aos obxectivos da convoca-toria |
| A.VV Val do Fra-goso | Reforma do escenario do local social | Renuncia expresa |
| Grupo Maiores Telefónica | Equipamento informático | Renuncia expresa |

Terceiro.- Ampliar o prazo de xustificación das axudas ata o 1 de marzo de 2010, modificando o estipulado nas bases que rexen esta convocatoria: Base 12ª "Os beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionado nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 31 de decembro de 2009. De non cumprirse este requisito, perderase o dereito a percibir a axuda".

**7(1865).- CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTES. 1688/21, 01/2444, 14/2092**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes-proposta da traballadora Social Responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de goberno local acorda conceder a prestación do Servizo no Fogar ás seguintes persoas:

- Dª. Antonia Pereira Martínez. Expte. 1688/21.
- Dª. Ángeles Miranda Pérez. Expte. 2444/01.
- Dª. M. Flores Lamas Siota. Expte. 14/2092.

**8(1866).- REVISIÓN DO IPC DENDE MARZO 2008 A MARZO 2009 DON CONTRATO COA FUNDACIÓN ALDABA. EXPTE. 48311/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 18.11.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Facenda, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

*A Comisión de Goberno, na sesión ordinaria de 26 de febreiro de 2007, aprobou a adxudicación do concurso para a contratación dun dispositivo de atención a infancia e a familia do Concello de Vigo, a favor da Fundación Aldaba, expte. 17534/301, por un prezo anual do contrato de 475.150 euros e por un período de dous anos, con posibilidade de prórroga de dous anos mais.*

*Os apartados 9.1 e 9.2 da FEC, establece o procedemento da revisión de prezos, establecendo que procederá a primeira revisión transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.*

*A Mesa de Contratación, o día 30 de xaneiro de 2007, procedeu á apertura de plicas e o contrato firmouse con data 1 de marzo de 2007, iniciándose os seus efectos nesa data.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria de 22 de outubro de 2008, aprobou a primeira revisión do prezo do contrato do dispositivo de atención á infancia e a familia por un importe de 20.906,60€.*

*Con data 3/11/09 Fundación Aldaba solicita a revisión de prezo correspondente ao período marzo/2008-marzo /2009.*

*O índice de prezos de consumo no período febreiro 2008- febreiro 2009, experimentou un incremento do 0,7 % segundo datos do INE que se achegan.*

*Polo exposto con anterioridade, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*"Primeiro: Autorizar, en execución do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dun dispositivo de atención a infancia e a familia, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de data 26 de febreiro de 2007, a nome de FUNDACIÓN ALDABA, CIF. G82453606, disposición de crédito por importe de 3.472,40€ na partida 3130.226.08.06 como incremento do prezo de contrato, por efecto da revisión de prezos, en función da variación do IPC nacional".*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(1867).- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE "BESADA E FAILDE, BMJ, ARQUITECTOS" POR HONORARIOS DE ELABORACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE ACCESIBILIDADE. EXPTE. 47672/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 10.12.09, o informe de fiscalización, do 15.12.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas, do 15.12.09, conformado pola concelleira-delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a favor de "Besada e Failde, BMJ, arquitectos, scp", Nif. G36980654 recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 89.781,82 €, dos que 11.609,72 lle serán retidos polo IRPF, e a concesión dunha indemnización sustitutiva polo mesmo importe, relativa aos honorarios da elaboración do proxecto básico de execución de melloras na accesibilidade de edificios públicos no concello de Vigo.

2º.- Imputar o gasto á partida orzamentaria 3130.227.06.00 –Estudos e Traballos Técnicos-, con cargo ao documento de reserva de crédito número 200900048332, incluído na modificación de crédito número 75.09, aprobada polo Concello en sesión de 27 de xullo de 2009.

**10(1868).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE "EUXA, SERVIZOS SOCIO-SANITARIOS, S.L." POR SERVIZOS DE XESTIÓN DE CEDRO DE ABRIL A OUTUBRO DE 2009. EXPTE. 48448/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 10.12.09, o informe de fiscalización, do 16.12.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 12.11.09, conformado polo xefe da Área de Acción Social e pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 351.420,79 €, a favor de "EUXA, SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SL", Nif. B15829518, polos servizos de xestión da Unidade Asistencial de Drogodependencias –CEDRO- durante os meses de abril a outubro de 2009.

2.- Imputar o gasto á partida orzamentaria 4123. 2270601 "Servizo metadona" , con cargo ao RC 20090007309 de 474.391,07 euros.

3.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca prexuízo nin limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

**11(1869).- PRÓRROGA DE CONTRATO DO SERVIZO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E CONSERXERÍA NOS CENTROS CÍVICOS, ADXUDICADO Á EMPRESA IMES-API S.A. EXPTE. 1876/321.**

**Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 26.11.09, conformado pola concelleira de Contratación, a xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:**

Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de marzo de 2010 ó 28 de febreiro de 2011 do contrato para a prestación dos servizos de conserxería e ao público dos Centros Cívicos adxudicado á empresa IMES-API S.A. (XGL de 21 de xaneiro de 2008). O prezo actual do contrato está establecido na cantidade de 90.313,65 € (XGL de 27.03.09).

**12(1870).- REVISIÓN DE PREZOS DO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN EN COLEXIOS PÚBLICOS ADXUDICADO, ADXUDICADO A "DALKIA ENERGÍA Y SERVICIOS S.A." EXPTE. 7126/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da técnico de Admon. Especial, do 2 de decembro de 2009, conformada pola concelleira-delegada de Contratación e visto no expediente a existencia de fiscalización pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria ( Lotes I,II e III) dos colexios públicos do Concello de Vigo, adxudicado a "Dalkia Energía y Servicios, S.A.", establecendo este para o período comprendido ente o 1 de xaneiro a 31 de decembro e 2009, na cantidade de 30.153,32 euros.

Segundo.- Prorroga-lo contrato correspondente os lotes I,II e III, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 e 31 de decembro dese mesmo ano.

**13(1871).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DA NAVE DO PARQUE CENTRAL DE TEIS. EXPTE. 1157/213.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 10-12-2009, vista a fiscalización da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa TERRAUGA, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación de obras de substitución da cuberta da nave do Parque Central de Bombeiros (expediente 1157-213) por un prezo total de 125.761,23 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 17.346,38 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Propón a execución das seguintes melloras, por un importe total de 12.000 €:

    - Subministro e instalación de dobre fiestra na zona de oficinas do Parque Central de Teis, valorada en 4.000 €.
    - Peche do foso de inmersión, valorada en 2.000 €.
    - Substitución de luminarias na zona de cocheiras, valorada en 6.000 €.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 15-06-2009 e a oferta presentada.

**14(1872).- DEVOLUCIÓNS DE GARANTÍAS.**

**A) ORECO, S.A. EXPTE. 2875/241**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns do 02-12-2009, de Intervención do 11-12-2009 e de conformidade coa proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 15-12-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO, S.A., a fianza de 1.150,34 euros, constituída para responder das obras de axardinamento e zona vixilancia Samil por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**B) PROFINSA. EXPTE. 3039/241**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da oficina técnica de Informática, do 01-12-2009, de Intervención do 04-12-2009 e de conformidade coa proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 14-12-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a PROFINSA., a fianza de 1.597,72 euros, constituída para responder da subministración de consumibles informáticos xa que se recibiron conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**15(1873).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POLA CELEBRACIÓN DO XXXI MEMORIAL BELARMINO ALONSO, PROBA DE ATLETISMO CELEBRADA O 29.11.09. EXPTE. 9096/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do director deportivo do IMD do 15 de decembro de 2009, conformada polo concelleiro-delegado, visto o informe de conformidade do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 2.000 EUROS, imposto polo departemento de Montes, Parques e Xardíns a Comesaña Sporting Club, para responder dos danos posibles no paseo do rio Lagares, pola celebración do XXXI MEMORIAL BELARMINO ALONSO", xa que non houbo danos no espazo utilizado.

**16(1874).- AUTORIZAR AO CLUB DE ATLETISMO VIGO, A ORGANIZAR O VINDEIRO 31.12.09 A "CARREIRA DE SAN SILVESTRE SOLIDARIA 2009". EXPTE. 8961/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe proposta do director técnico do 19-11-2009, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar, ao Club de Atletismo Vigo, a organizar o vindeiro 31 de decembro de 2009, a "Carreira San Silvestre Solidaria 2009" dita carreira comezará ás 17.00 horas tendo a saída e a chegada no mesmo Parque de Castrelos, xa que o percorrido terá lugar no devandito parque.

**17(1875).- ACEPTACIÓN SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN PRÁCTICA DA "ESCOLA OBRADOIRO MAR DE VIGO".EXPTE. 6533/77.**

Primeiro.- Aceptar a subvención concedida na resolución da xefa territoral da Consellería de Traballo e Benestar, de data 26 de novembro de 2009, na que se aproba o expediente nº 36/00017/2009, na que unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención para a posta en práctica da "Escola Obradoiro Mar de Vigo V", coas seguintes características:

1. Subvención concedida: SEISCENTOS SETENTA E SETE MIL CINCOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA CENTIMOS (677.575,80 €).

2. Especialidades formativas aprobadas:
   1. Carpintería de ribeira.
   2. Novas técnicas de construción naval.
   3. Actividades naúticas.

3. Número de alumnos/as-traballadores a contratar TRINTA E TRES (33).

4. Número de alumnos/as-traballadores a contratar por especialidad ONCE (11).

Segundo.- Que por parte do servizo de Promoción Económica e Emprego, se proceda a xestionar a subvención cara a posta en funcionamento da Escola Obradoiro "Mar de Vigo V".

**18(1876).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DA UTE IMES-ESYCSA POLO MANTEMENTO INTEGRAL DOS TÚNELES CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO POR UN IMPORTE TOTAL DE 45670,39 €. EXPTE. 13239/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta de data 2 de decembro de 2009 do xefe de área de Servizos Xerais, conformada pola concelleira-delegada, vistos así mesmos os informes da Intervención Xeral e da Asesoría xurídica de datas 14 e 18 de decembro de 2009, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

.Recoñecer unha Convalidación de crédito a favor da UTE Imes-Esycsa, por un importe total de **45.670,39 Euros**, correspondente á facturación do mes de novembro de 2009, con cargo á partida orzamentaria "Mantemento Túneis e Pasos Inferiores" 4324.227.06.02.

**19(1877).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DA UTE IMES-ESYCSA POLO MANTEMENTO INTEGRAL DOS TÚNELES CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO POR UN IMPORTE TOTAL DE 45670,39 €. EXPTE. 13220/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta de data 2 de decembro de 2009 do xefe de área de Servizos Xerais, conformada pola concelleira-delegada, vistos así mesmos os informes da Intervención Xeral e da Asesoría xurídica de datas 14 e 18 de decembro de 2009, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer unha Convalidación de crédito a favor da UTE Imes-Esycsa, por un importe total

de **45.670,39 Euros**, correspondente á facturación do mes de setembro de 2009, con cargo á partida orzamentaria “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 4324.227.06.02.

**20(1878).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DA UTE IMES-ESYCSA POLO MANTEMENTO INTEGRAL DOS TÚNELES CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO POR UN IMPORTE TOTAL DE 45670,39€. EXPTE. 13221/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta de data 24 de novembro de 2009 do xefe de área de Servizos Xerais, conformada pola concelleira-delegada, vistos así mesmos os informes da Intervención Xeral e da Asesoría xurídica de datas 4 e 18 de decembro de 2009, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer unha Convalidación de crédito a favor da UTE Imes-Esycsa, por un importe total de **45.670,39 Euros**, correspondente á facturación do mes de outubro de 2009, con cargo á partida orzamentaria “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 4324.227.06.02.

**21(1879).- ACEPTACIÓN DE RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN NÓS MESMAS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 5/10/2009 PARA OS PROXECTOS “FORO EXPERIENCIAS DA VIDA” E “OBRADOIRO SEXO+SEGURO”. EXPTE. 4180/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta de data 11 de decembro de 2009 da xefa do Servizo de Igualdade, conformada pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aceptar a renuncia, presentada pola Asociación Nós Mesmas, con CIF G27718907, á concesión de subvencións de axudas aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 5 de outubro de 2009 para os proxectos “Foro esperiencias da vida” por importe de 345,22€ e “Obradoiros sexo+seguro” por importe de 688,27€ .

**22(1880).- ACEPTACIÓN DE RENUNCIA PRESENTADA POLA AVV DE TEIS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 5.10.2009 PARA O PROXECTO “HOMENAXE ÁS MULLERES DO MOVEMENTO AGRARIO TEIS”. EXPTE. 4181/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta de data 11 de decembro de 2009 da xefa do Servizo de Igualdade, conformada pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aceptar a renuncia, presentada pola A VV de Teis, con CIF G36646545, á concesión de subvención de axuda aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 5 de outubro de 2009 para o proxecto “Homenaxe ás mulleres do movemento agrario Teis”, por importe de 482,44€.

**23(1881).- AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON PRESENTADA POLA ENTIDADE AQUALIA-FCC VIGO UTE CORRESPONDENTE O PERÍODO XANEIRO A ABRIL DE 2009 E A REGULARIZACIÓN DOS MESES DE XANEIRO 1991 A DECEMBRO 2008. EXPTE. 101542/140.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co xefe do servizo de Investimentos do 9 de decembro de 2009, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral do 9 da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período xaneiro a abril de 2009 por un importe de 337.888,62€ que corresponde a un volume de facturación 11.262.954m3.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata decembro de 2008 por un importe de 3.576,63€.

Terceiro.- Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

**24(1882).- CONCESIÓN DUNHA AXUDA ECONÓMICA A D. FRANCISCO LUIS GONZÁLEZ, TITULAR DA LICENZA Nº 307 (EUROTAXI). EXPTE. 77100/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 25 de novembro emitido pola xefa do Servizo de Transporte coa conformidade do concelleiro delegado e máis do interventor, visto o selo de fiscalización de data 11 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha axuda económica a D. Francisco Luis González, licenza nº 307, para contribuír aos maiores custos do citado servizo por un importe anual de 2.404 euros.

Segundo.- Autorizar o gasto de 2404 Euros con cargo á partida 2220 4700000, Subvención elementos seguridade taxis e outros, para o abono da axuda económica aprobada no acordo de data 17 de novembro de 2008 a D. Francisco Luis González para contribuír ós maiores custos do servizo de eurotaxi.

Terceiro.- Proceder ao abono do primeiro pago por importe de 1.202 euros correspondente ao 1º semestre do ano 2009, realizándose o pago do 2º semestre unha vez finalizado o ano.

**25(1883).- CONCESIÓN DUNHA AXUDA ECONÓMICA A D. EDUARDO VALEIJE ALVAREZ, TITULAR DA LICENZA Nº 128 (EUROTAXI). EXPTE. 77105/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 1 de decembro emitido pola xefa do Servizo de Transporte coa conformidade do concelleiro delegado e máis do interventor, visto o selo de fiscalización de data 11 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a continuidade da prestación do servizo cun eurotaxi para persoas de mobilidade reducida da licenza nº 128 da cal é titular na actualidade D. Eduardo Valeije Alvarez, co DNI 36075103-V.

Segundo.- Aprobar a concesión dunha axuda económica a D. Eduardo Valeije Alvarez, titular da licenza de taxi nº 128, para contribuír aos maiores custos do servizo de eurotaxi en relación cun taxi normal, por un importe anual de 2.404 €.

Terceiro.- Autorizar o gasto de 2.404 € con cargo a partida 22204700000, Subvención elementos de seguridade taxis e outros, para o abono da axuda económica reflectida no acordo de data 17 de novembro de 2008 á licenza de taxi nº 128, da cal é titular D. Eduardo Valeije Alvarez, nas condicións fixadas.

Cuarto.- Proceder ao abono do primeiro pago por un importe de 1.202 € correspondente o 1º semestre do ano 2009 , realizándose o pago do 2º semestre a finais do presente ano.

**26(1884).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TRANSPORTES MOLINA (AQUILINO MOLINA VALÍN). EXPTE. 77166/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 26 de novembro emitido pola xefa do Servizo de Transportes coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 18 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigación a favor de TRANSPORTES MOLINA (AQUILINO MOLINA VALIN), con NIF. 35.985.317-T, polos traballos realizados de transporte, montaxe e desmontaxe de valos e sinais, por un importe de 14.500 EUROS (IVE ENGADIDO), con cargo á partida 2220 2270605, ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS.

**27(1885).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS DE VIGO DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2009, POR IMPORTE DE 23.762,41€. EXPTE. 4912/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 1 de decembro emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns coa conformidade da concelleira-delegada, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 18 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de novembro de 2009, por importe de 23.762,41 €.

Segundo.-.Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

**28(1886).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA "ZUNFER S.A." POR IMPORTE DE 14.341,32 €. EXPTE. 4682/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 7 de setembro emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns coa conformidade da concelleira delegada, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 18 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha indemnización substitutiva favor da empresa Zunfer, S.L. Por subministracións de aspersores, tuberías, bombas somerxibles, reparacións de bombas de piscinas de Samil e elementos auxiliares de fontanería, por importe de 14.341,32 €.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Zunfer, S.A. por un importe de 14.341,32 €, por subministracións de aspersores, tuberías, bombas somerxibles, reparacións de bombas de piscinas de Samil e elementos auxiliares de fontanería con cargo á partida orzamentaria 4326.210.00.01.

**29(1887).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA ARLINDO GONZÁLEZ SOUSA S.L. POR TRABALLOS REALIZADOS EN PARQUES SITUADOS NAS RÚAS TOMIÑO, SAMIL, BOUZAS E NO RECINTO DO MUSEO LISTE, POR IMPORTE DE 28.701,51€. EXPTE. 4687/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 7 de setembro, emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade da concelleira delegada, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 18 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Arlindo González Sousa, S.L., por traballos realizados en parques situados nas rúas Tomiño, Samil, Bouzas e no recinto do Museo Liste, por importe de 28.701,51 €.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Arlindo González Sousa, S.L., por un importe de 28.701,51 € como consecuencia de traballos realizados en parques situados nas rúas Tomiño, Samil, bouzas e no recinto do Museo Liste e con cargo á partida orzamentaria 4326.210.00.01.

**30(1888).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA MANUFACTURAS DEL LÉREZ S.L. POR IMPORTE DE 27.582,48€. EXPTE. 4689/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 7 de setembro de 2009 emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns coa conformidade da concelleira delegada, visto o informe da Intervención Xeral de data 7 de setembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Manufacturas del Lérez, S.L., por traballos realizados en zonas verdes de Samil, Praza de San Martiño, piscinas de Samil, Atalaia, pista deportiva Andrés Gaos, Viveiros Municipais do Parque do Castro, rúa Mondariz e A Guía, por importe de 27.582,48 €.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Manufacturas del Lérez, S.L., por un importe de 27.582,48 €, como consecuencia de traballos realizados en zonas verdes de Samil, Praza de San Martiño, piscinas de Samil, Atalaia, pista deportiva Andrés Gaos, Viveiros Municipais do Parque do Castro, rúa Mondariz e A Guía e con cargo á partida orzamentaria 4326.210.00.01.

## MUSEOS

**31(1889).- CONVOCATORIA DAS BASES DO I PREMIO J. PACHECO DE ENSAIO FOTOGRÁFICO. EXPTE. 208/338.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 11 de decembro de 2009, emitido polo xefe do servizo de Museos Municipais, do 11-12-2009, conformado polo concelleiro-delegado, visto o informe da Asesoría Xurídica do 01-12-2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria e as Bases do I Premio J. Pacheco de Ensaio Fotográfico, segundo consta nos acordos asinados na compra do arquivo, que especifica que “... o Concello de Vigo establecerá unha actuación anual coa denominación “J. Pacheco” tipo premio, bolsa ou actividade que contribúa ó apoio ou estímulo de traballos no campo da imaxe.

Segundo.- Aprobar o gasto de 11.000 euros co que se dota dito Premio e para o que existe dotación adecuada e suficiente con cargo á partido 4510.48100000 de Cultura, contando co RC nº 3592

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DO I PREMIO J. PACHECO DE ENSAIO*

*Primeira.- Obxecto:*
*O obxecto a que se refiren as presentes bases e convocatoria específica é o I Premio J. Pacheco de Ensaio Fotográfico.*

*Segunda.- Contía invidualizada e crédito orzamentario*

*A cuantía consistirá nun único premio, de cáracter indivisibel, dun importe de 11.000 euros, contando coa correspondente reserva de crédito na partida de Cultura 451.0.481.00.00. Premios e Concursos.*

*Terceira.- Requisitos dos beneficiarios*
*1. Poderán participar as persoas físicas pertencentes a calqueira nacionalidade ou lugar de residencia.*

*2. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario de subvencións das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.*

*3. Unha vez emitido fallo polo xurado e antes da proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, deberá acreditar que se achan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Tamén acreditará, no seu caso, que se achan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante ó particiar na convocatoria autoriza ó órgano instructor para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.*

*Cuarta.- Obrigas dos beneficiarios e requisitos esixibeis ós traballos que se presenten ó premio*
*1. Serán obrigas dos beneficiarios, as previstas nestas bases e convocatoria e as sinaladas no artigo 11 da lei de subvencións de Galicia.*

*2. Os traballos, obrigatoriamente inéditos, deberán vir redixidos en lingua galega.*

*3. As obras presentadas poderán ser asinadas, como moito, por dúas persoas.*

*4. A temática desenvolvida polos traballos acollerá perspectivas de calquera clase, sempre e cando se cinxan ao ensaio fotográfico nas liñas histórica ou crítica, non sendo admitidas obras que consistan en escolmas de artigos individuais nen aquelas outras que fornezan só cuestións relativas á técnica fotográfica.*

*5. Débese entender, tamén, que o termo ensaio se refire estritamente ao emprego costumeiro que se outorga a dito concepto, ficando por tanto excluídos traballos que constitúan somentes series, coleccións ou conxuntos, máis ou menos amplos, de fotografías.*

*6. O gañador deberá entregar o texto do traballo premiado en soporte informático.*

*7. Extensión dos traballos acharase comprendida entre os 250.000 e 350.000 caracteres, espazos incluídos, aínda que o xurado poderá considerar de maneira flexibel esta condición, atendendo á cualidade do traballo.*

*8. Cada traballo deberá vir precedido por un resumo de extensión máxima de 5.000 caracteres, no que se sinalen os contidos desenvolvidos e as aportacións consideradas de maior interese.*

*9. O Concello de Vigo resérvase o dereito de publicación da obra, sen outro pagamento ao seu autor que o constituído polo proprio premio.*

*10.- Os orixinais non premiados ficarán ao dispor das persoas autoras durante 3 meses, contados desde a data de outorgamento do premio por parte da Xunta de Goberno Local. Ó cabo dese tempo o Concello de Vigo disporá deles como estime oportuno.*

*Quinta.- Criterios para a concesión do premio*

*Existirá un xurado, composto por persoas de recoñecida competencia no campo da fotografía e da imaxe, que terá capacidade para interpretar de maneira non restrictiva as presentes bases, así como a de declarar deserto o premio ou de, alén do premiado, subliñar a cualidade doutros traballos, así como aconseller a súa publicación. A composición do mesmo (os seus nomes e en calidade de que forma parte do mesmo) é o que segue: Antia López Gómez (Profesora de Teoría e Técnica do Documental na Universidade de Santiago de Compostela); Jorge Lens Leiva (Profesor de Fotografía da Universidade de Vigo) e Eduardo Rodriguez Ochoa (Fotógrafo e comisario de exposicións).*

*Sexta.- Procedemento*

*O procedemento para a concesión do premio será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.*

*Sétima.- Prazo de presentación das solicitudes*

*Será de 30 días naturais a partires da data de publicación das presentes Bases e convocatoria no BOP, rematando ás 13 hs de aquel día.*

*Oitava.- Solicitude e documentación*

*Presentaráse unha solicitude dirixida ó Concelleíro de Cultura. Concello de Vigo, Praza do Rei, s/n. facendo constar no exterior I Premio J. Pacheco de ensaio fotográfico. En dita solicitude constará o nome da persoa que presenta a documentación ó premio, debidamente identificada e cun teléfono e enderezo de contacto.*

*No paquete-sobre incluiranse, á súa vez, dous sobres : no primeiro incluiranse os orixinais por quintuplicado, sin ningún tipo de referencia ó autor. Este sobre será numerado polo tribunal. No segundo sobre e baixo plica, numerada así mesmo polo tribunal, e que se abrirá unha vez sexa avaliado o traballo, incluiráse o nome e datos identificativos do autor do citado traballo.*

*En todo caso os traballos poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Se non se presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, haberá que remitir fax á Concellería de Cultura notificando a súa presentación. O FAX ó que hai que remitilo é o número 986228438.*

*Novena.- Subsanación da solicitude*

*Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común , se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.*

*Décima.- Publicidade*

*1. A presente convocatoria coas bases reguladoras do Premio J. Pacheco de Ensaio Fotográfico, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na prensa local da cidade de Vigo,*

*no taboleiro de anuncios do edificio municipal e na páxina web www.vigo.org , unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

*2. A información relativa ó Premio será publicada na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, ademáis de que se disporá de información no Arquivo Pacheco, sito na Casa das Artes da Concellería de Cultura do Concello de Vigo.*

*Décimo primeira.- Órganos competentes para a instrucción e resolución do procedemento e prazo para a notificación da resolución*
*1. A Concellería de Cultura será a encargada da instrucción do procedemento relativo ó Premio Prósperi – Pacheco de Ensaio, e a Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder o premio a proposta do xurado.*

*2. A concesión do premio notificarase ás persoas que se presenten ó mesmo, no prazo de dez días a partir da data de concesión, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*3. A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión do Premio, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

*Décimo segunda.- Pagamento*
*1- O pagamento do Premio, tramitarase a partir dun més contado dende o día seguinte ó outorgamento pola Xunta de Goberno Local de non existir recurso ningún, e de existir recurso, tras de seren cumplidos os prazos legais para a súa resolución.*

*2- Antes de proceder ao pago da cantidade relativa ó premio, o gañador deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable.*

*Décimo terceira.- Tratamento dos datos de carácter persoal.*
*Os datos das persoas que se presenten ao premio, agás no relativo ó mesmo, serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable d-o seu tratamento a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.*

*A persoa (ou persoas) beneficiaria do presente premio poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.*

*Décimo cuarta.- Normativa aplicable.*
*A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, que se rexerá pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do*

*Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**32(1890).- ADQUISICIÓN DE INMOBLE NA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ, 16 E CASETA Á SÚAS COSTAS EN SUBIDA A COSTA NÚM. 7 PARA APERTURA DE NOVO VIAL (PEPRI CASCO VELLO). EXPTE. 4950/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico do 30-11-2009 e vistos os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral de datas 2 e 16 de decembro, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a adquisición onerosa polo Concello de Vigo do seguinte inmoble situado no Casco Vello:

Descrición catastral: Ben consistente en finca urbana de 63 metros cadrados de superficie de solo, sinalada con número 16 da rúa Abeleira Menéndez, no municipio de Vigo, provincia de Pontevedra, identificado con el número de referencia catastral 2764106NG2726S0001YH. E ben consistente en finca urbana, de 22 metros cadrados, situado en Subida á Costa 7, coa identificación catastral nº 2764114NG2726S0001TH.

Descrición rexistral: Rexistro da propiedade de Vigo nº 5.

Todo elo, conforme aos pactos e estipulacións que se especifican de seguido.

Segundo.- Aprobar o importe a pagar á propiedade, que ascende á cantidade de 120.000 euros, IVE incluído, e que segundo se desprende do informe de valoración realizado polos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 21/09/2009, incorporada a este expediente, atópase dentro dos prezos de mercado.

Terceiro.- Aplicar o gasto da adquisición á partida orzamentaria 45316010002 CREACIÓN DE ESPAZOS LIBRES E URBANIZACIÓN RÚAS ABELEIRA MENÉNDEZ E SAN SEBASTIÁN.

Cuarto: Aprobar os seguintes pactos e estipulacións nos que se verificará a compravenda:

Pola parte vendedora:

1. Acreditar fehacientemente a propiedade sobre o inmoble.

2. Aportar certificación expedida polo Rexistro da propiedade.

3. Acreditar que reúnen os requisitos e condicións que rexen para a transmisión patrimonial de bens inmobles, que posúen plena capacidade de obrar, que non se

atopan incursos nas prohibicións e incompatibilidades que establece a lexislación vixente e estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. Transmitir o inmoble libre de arrendamentos, cargas ou gravames, e comprometerse expresamente a responder de cantas reclamacións de terceiros xurdan en relación co inmoble.

5. Incorporar a carta de pago xustificativa do abono do Imposto de Bens Inmobles do exercicio fiscal actual.

6. Incorporar certificado expedido pola Recadación Municipal, acreditativo de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e non tributarias con esta Administración municipal, e que o ben que se proxecta adquirir non ten pendentes de pago débedas por calquera tipo de recurso ou gravame municipal que non fora atendido polo vendedor en tempo e forma.

7. Manifestar, baixo a súa responsabilidade, que o inmoble atoparáse nas condicións necesarias para a súa inmediata ocupación no momento da formalización da escritura pública de compravenda, no seu caso.

8. Manifestar, baixo a súa responsabilidade, que todas as cuestións e litixios que se poideran derivar deste contrato, someterarse á xurisdicción civil dos Tribunais de Vigo, renunciando expresamente a calquera outra que en dereito poidera corresponderlles.

9. O aboamento do imposto do incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalía) que lle resulte aplicable (artigo 106.1.a do Rdl 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais) .

10. As demais que poideran desprenderse da propia natureza xurídica do contrato e que lle foran de aplicación (recollidas baixo o epígrafe “Obrigas do vendedor”, no Título IV do Código Civil).

Polo Concello de Vigo:

1. Aboar o prezo pactado de adquisición do inmoble: 120.000 euros, IVE incluído.

2. O aboamento dos gastos notariais, rexistrais e de natureza análoga que resulten.

3. As demais que poideran desprenderse da propia natureza xurídica do contrato e que lle foran de aplicación (recollidas baixo o epígrafe “Obrigas do comprador”, no Título IV do Código Civil).

<u>Quinto</u>: Elevar a escritura pública a compravenda.

**33(1891).- ADQUISICIÓN DE INMOBLE SINALADO CO NÚM. 7 DA RÚA PERIGOS PARA A APERTURA DUN NOVO VIAL E ESPAZO PEONIL ENTRE AS RÚAS ELDUAYEN E POBOADORES. (PEPRI CASCO VELLO. EXPTE. 5084/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico do 30-11-2009 e vistos os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral de datas 2 e 16 de decembro, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a adquisición onerosa polo Concello de Vigo do seguinte inmoble situado no Casco Vello:

Descrición catastral: Ben consistente en finca urbana, con un único inmoble, de 87 metros cadrados de superficie de solo, sinalada co número 7 da rúa Perigos, no municipio de Vigo, provincia de Pontevedra, identificado co número de referencia catastral 2564803NG2726S0001MH.

Descrición rexistral: Rexistro da propiedade de Vigo nº 5.

Todo elo, conforme aos pactos e estipulacións que se especifican de seguido.

Segundo.- Aprobar o importe a pagar á propiedade, que ascende á cantidade de 70.000 euros, IVE incluído, e que segundo se desprende do informe de valoración realizado polos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29/10/2009, incorporada a este expediente, atópase dentro dos prezos de mercado.

Terceiro.- Aplicar o gasto da adquisición á partida orzamentaria 45316010003 CREACIÓN DE ESPAZOS LIBRES E URBANIZACIÓN RÚA POBOADOES.

Cuarto.- Aprobar os seguintes pactos e estipulacións nos que se verificará a compravenda:

Pola parte vendedora:

1. Acreditar fehacientemente a propiedade sobre o inmoble.

2. Aportar certificación expedida polo Rexistro da propiedade.

3. Acreditar que reúnen os requisitos e condicións que rexen para a transmisión patrimonial de bens inmobles, que posúen plena capacidade de obrar, que non se atopan incursos nas prohibicións e incompatibilidades que establece a lexislación vixente e estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. Transmitir o inmoble libre de arrendamentos, cargas ou gravames, e comprometerse expresamente a responder de cantas reclamacións de terceiros xurdan en relación co inmoble.

5. Incorporar a carta de pago xustificativa do abono do Imposto de Bens Inmobles do exercicio fiscal actual.

6. Incorporar certificado expedido pola Recadación Municipal, acreditativo de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e non tributarias con esta Administración municipal, e que o ben que se proxecta adquirir non ten pendentes de pago débedas por calquera tipo de recurso ou gravame municipal que non fora atendido polo vendedor en tempo e forma.

7. Manifestar, baixo a súa responsabilidade, que o inmoble atoparáse nas condicións necesarias para a súa inmediata ocupación no momento da formalización da escritura pública de compravenda, no seu caso.

8. Manifestar, baixo a súa responsabilidade, que todas as cuestións e litixios que se poideran derivar deste contrato, someterarse á xurisdicción civil dos Tribunais de Vigo, renunciando expresamente a calquera outra que en dereito poidera corresponderlles.

9. O aboamento do imposto do incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalía) que lle resulte aplicable (artigo 106.1.a do Rdl 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais) .

10. As demais que poideran desprenderse da propia natureza xurídica do contrato e que lle foran de aplicación (recollidas baixo o epígrafe “Obrigas do vendedor”, no Título IV do Código Civil).

Polo Concello de Vigo:

1. Aboar o prezo pactado de adquisición do inmoble: 70.000 euros, IVE incluído.

2. O aboamento dos gastos notariais, rexistrais e de natureza análoga que resulten.

3. As demais que poideran desprenderse da propia natureza xurídica do contrato e que lle foran de aplicación (recollidas baixo o epígrafe “Obrigas do comprador”, no Título IV do Código Civil).

Quinto.- Elevar a escritura pública a compravenda.

**34(1892).- ADQUISICIÓN INMOBLE EN RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ NÚM. 14 (FINCA E RUÍNA) PARA APERTURA DE NOVO VIAL (PEPRI CASCO VELLO). EXPTE. 4934/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico do 30-11-2009 e vistos os informes da Asesoría Xurídica e de

fiscalización da Intervención Xeral de datas 2 de decembro, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a adquisición onerosa polo Concello de Vigo do seguinte inmoble situado no Casco Vello:

Descrición catastral: Ben consistente en finca urbana, con un único inmoble, de 56 metros cadrados de superficie de solo e 112 metros cadrados construídos, sinalada co número 14 da rúa Abeleira Menéndez, no municipio de Vigo, provincia de Pontevedra, identificado co número de referencia catastral 2764105NG2726S0001BH.

Descrición rexistral: Rexistro da propiedade de Vigo nº 5.

Todo elo, conforme aos pactos e estipulacións que se especifican de seguido.

Segundo.- Aprobar o importe a pagar á propiedade, que ascende á cantidade de 66.000 euros, IVE incluído, e que segundo se desprende do informe de valoración realizado polos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 07/05/2009, incorporada a este expediente, atópase dentro dos prezos de mercado.

Terceiro.- Aplicar o gasto da adquisición á partida orzamentaria 45316010002 CREACIÓN DE ESPAZOS LIBRES E URBANIZACIÓN RÚAS ABELEIRA MENÉNDEZ E SAN SEBASTIÁN.

Cuarto.-Aprobar os seguintes pactos e estipulacións nos que se verificará a compravenda:

Pola parte vendedora:

1. Acreditar fehacientemente a propiedade sobre o inmoble.

2. Aportar certificación expedida polo Rexistro da propiedade.

3. Acreditar que reúnen os requisitos e condicións que rexen para a transmisión patrimonial de bens inmobles, que posúen plena capacidade de obrar, que non se atopan incursos nas prohibicións e incompatibilidades que establece a lexislación vixente e estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. Transmitir o inmoble libre de arrendamentos, cargas ou gravames, e comprometerse expresamente a responder de cantas reclamacións de terceiros xurdan en relación co inmoble.

5. Incorporar a carta de pago xustificativa do abono do Imposto de Bens Inmobles do exercicio fiscal actual.

6. Incorporar certificado expedido pola Recadación Municipal, acreditativo de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e non tributarias con esta Administración municipal, e que o ben que se proxecta adquirir non ten pendentes de pago débedas por calquera tipo de recurso ou gravame municipal que non fora atendido polo vendedor en tempo e forma.

7. Manifestar, baixo a súa responsabilidade, que o inmoble atoparáse nas condicións necesarias para a súa inmediata ocupación no momento da formalización da escritura pública de compravenda, no seu caso.

8. Manifestar, baixo a súa responsabilidade, que todas as cuestións e litixios que se poideran derivar deste contrato, someterarse á xurisdicción civil dos Tribunais de Vigo, renunciando expresamente a calquera outra que en dereito poidera corresponderlles.

9. O aboamento do imposto do incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalía) que lle resulte aplicable (artigo 106.1.a do Rdl 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais) .

10. As demais que poideran desprenderse da propia natureza xurídica do contrato e que lle foran de aplicación (recollidas baixo o epígrafe “Obrigas do vendedor”, no Título IV do Código Civil).

Polo Concello de Vigo:

1. Aboar o prezo pactado de adquisición do inmoble: 66.000 euros, IVE incluído.

2. O aboamento dos gastos notariais, rexistrais e de natureza análoga que resulten.

3. As demais que poideran desprenderse da propia natureza xurídica do contrato e que lle foran de aplicación (recollidas baixo o epígrafe “Obrigas do comprador”, no Título IV do Código Civil).

Quinto.- Elevar a escritura pública a compravenda.

**35(1893).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 19495/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 4 de decembro de 2009 emitido pola técnica de Avaliación e Formación de RR.HH. co conforme da xefa do Servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención de data 11.12.2009, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de NOVEMBRO-2009, e que ascenden a un total de 647’52 € (SEISCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións”.

**36(1894).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2009. EXPTE. 19502/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 9 de decembro de 2009 emitido pola técnica de Avaliación e Formación de RR.HH. co conforme da xefa do Servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención de data 11.12.2009, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Higinio Durán Cabobianco, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de NOVEMBRO -2009 e que ascenden a un total 609’20 € (SEISCENTOS NOVE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.”

**37(1895).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2009. EXPTE. 19494/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 4 de novembro de 2009 emitido pola técnica de Avaliación e Formación de RR.HH. co conforme da xefa do Servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención de data 11.12.2009, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a cantidade que figura na relación que se achega e que ascende a un total de 190'05 euros, correspondente ao mes de novembro de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE”.

**38(1896).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2009. EXPTE. 19493/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 4 de decembro de 2009 emitido pola técnica de Avaliación e Formación de RR.HH. co conforme da

xefa do Servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención de data 11.12.2009, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de novembro-09, e que ascenden a un total de 1.059’96 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE”.

**39(1897).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2009. EXPTE. 19499/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 9 de decembro de 2009 emitido pola técnica de Avaliación e Formación de RR.HH. co conforme da xefa do Servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención de data 11.12.2009, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

| SERVICIO | MES | APELIDOS E NOME | IMPORTE FESTIVAS | IMPORTE NOCTURNA | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Desinfección | Novembro | De Durán Cabobianco, Higinio a Sousa Atrio, José Manuel | 120,30 € | 108,40 € | 228,70 € |
| I.M.D. | Novembro | De Rial Estevez, Francisco a Rodríguez Presas, Julio | 116,29 € | 12,20 € | 128,48 € |
| 1ª Tenencia Alcaldía | Novembro | De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A. | 112,28 € | 59,62 € | 171,90 € |
| Alcaldía | Novembro | Abalde Comesaña, Raquel | 160,40 € | 3,52 € | 163,92 € |
| Alcaldía | Novembro | De Costas Fernández Basilio a Fontan Balbuena, Camilo | 505,26 € | 140,92 € | 646,18 € |
| Bombeiros | Novembro | De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B | 27.119,63 € | 17.010,67 € | 44.130,30 € |
| Cemiterios | Novembro | De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro | 2.383,92 € | 0,00 € | 2.383,92 € |

| SERVICIO | MES | APELIDOS E NOME | IMPORTE FESTIVAS | IM-POR-TE NOC-TURNA | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Limpeza | Novembro | De Hermida Sanmartin, Juan José a Lojo Pancorbo, José Manuel | 208,52 € | 430,89 € | 639,41 € |
| Parque Central | Novembro | De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio | 998,49 € | 731,70 € | 1.730,19 € |
| Montes, Parques e Xardíns | Novembro | De Domingiuez Casales, Joaquin a Vidal Alvarez Jose Luis | 1.443,60 € | 731,70 € | 2.175,30 € |
| Parque Móbil | Novembro | De Comesaña Davila, José A. a Vulcano Ferreyra, J. Genaro | 852,12 € | 817,74 € | 1.669,87 € |
| Biblioteca | Novembro | De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés | 448,12 € | 8,14 € | 456,26 € |
| Policía Local | Novembro | De Abalde Casanova Ivan a Villar Silva, Aida | 32.042,11 € | 24.782,15 € | 56.824,26 € |
| Policía Local (xornada en exceso) | Novembro | De Alonso Moreira, José Luis a Vidal Lorenzo, Lucía | 3.760,40 € | 485,81 € | 4.246,21 € |
| Policía Local (xulgados) | Novembro | De Alonso Moreira, José Luis a Vivero Mijares, Juan Guillermo | 3.977,92 € | 0,00 € | 3.977,92 € |
| | TOTAL | | 74.249,36 € | 45.323,42 € | 119.572,82 € |

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 119.572'82€, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

**40(1898).- APROBACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19462/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 20 de novembro de 2009 emitido pola técnica de RR.HH coa conformidade do concelleiro delegado, vistos os documentos contables de retención de crédito de data 10 de decembro que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o plan de formación do Concello de Vigo que a continuación se expón:

| Acción | Horas | Edicións |
|---|---|---|
| CASOS PRÁCTICOS DE DEREITO ADMINISTRATIVO LOCAL (IV) | 25 | 1 |
| TALLER DE XESTIÓN DE DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS. COMO ORDENAR O MEU ORDENADOR PERSOAL | 20 | 1 |
| HABILIDADES PARA A MELLORA DA COMUNICACIÓN INTERPERSOAL (PNL) | 20 | 1 |
| AS FASES DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO E A SUA APLICACIÓN PRACTICA NA ADMON LOCAL | 40 | 2 |
| FOLLA DE CÁLCULO OPEN OFFICE CALC (NIVEL I) | 20 | 2 |
| FOLLA DE CÁLCULO OPEN OFFICE CALC (NIVEL II) | 20 | 2 |
| PROCESADOR DE TEXTOS OPEN OFFICE WRITER (NIVEL I) | 20 | 1 |
| PROCESADOR DE TEXTOS OPEN OFFICE WRITER (NIVEL II) | 20 | 2 |
| BASE DE DATOS OPEN OFFICE BASE (NIVEL I) | 20 | 1 |
| BASE DE DATOS OPEN OFFICE BASE (NIVELII) | 20 | 1 |
| GIMP EDICIÓN DE IMAXES DIXITAIS | 20 | 1 |
| INICIACIÓN AO INGLÉS NIVEL III | 30 | 1 |
| JAVA POLICÍA LOCAL | 62 | 1 |
| AUDITORÍAS INTERNAS NORMAS UNE EN ISO 17025 | 20 | 1 |
| FORMACIÓN TEÓRICO PRACTICA DE TRABALLOS EN ALTURA/CUBERTAS | 8 | 1 |

FORMACIÓN POLICÍA LOCAL:

| ACCIÓNS | HORAS | EDIC |
|---|---|---|
| PRÁCTICAS ANUAIS DE TIRO | 3,5 | 18 |
| ÉTICA POLICIAL | 6 | 7 |
| INTERVENCIÓN POLICIAL | 6 | 7 |
| CONTROL DE MASAS | 20 | 3 |
| CURSO PRÁCTICO SOBRE MEDICIÓN DE RUIDOS | 20 | 2 |
| MANEXO DAS BASES DE DATOS DA UMIR | 8 | 1 |
| SVB E PRIMEIROS AUXILIOS | 11 | 1 |
| INVESTIGACIÓN E RECONSTRUCIÓN DE ACCIDENTES DE TRÁFICO ( NIVEL II) | 20 | 1 |
| NOVIDADES PROFESIONAIS DO NOVO REGULAMENTO DE CONDUTORES | 2 | 15 |
| PSICOLOXÍA APLICADA Á VIOLENCIA DE XÉNERO, E ENTRADA POLICIAL EN LUGARES PECHADOS | 20 | 1 |
| DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA | 20 | 1 |
| ACTUALIZACIÓN EN MATERIA DE VIOLENCIA SEXISTA | 20 | 1 |
| DELITOS CONTRA O PATRIMONIO | 20 | 1 |
| INFRACCIÓNS Á L.O. 1/1992 E A SÚA DELIMITACIÓN COS TIPOS PENAIS PARALELOS | 20 | 1 |
| INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA DIXITAL APLICADA Á FUNCIÓN POLICIAL | 20 | 1 |
| PRÁCTICAS DE INTERVENCIÓN E DEFENSA PERSOAL POLICIAL | 13 | 1 |
| DEFENSA PERSOAL POLICIAL. TÉCNICAS DE CORPO A CORPO | 13 | 1 |
| DEFENSA POLICIAL ANTE OBXECTOS CONTUNDENTES E ARMAS BRANCAS OU DE LUME | 10 | 1 |
| RECONSTRUCIÓN DE ACCIDENTES-COLISIÓNS (NIVEL II) | 16 | 1 |
| RECONSTRUCIÓN DE ACCIDENTES-MOTOS | 16 | 1 |
| BÁSICO DE MEDIO AMBIENTE | 20 | 1 |
| TOTAL | 522 | 66 |

FORMACION SEIS:

| ACCIÓNS | HORAS | EDIC |
|---|---|---|
| PROGRAMA RECICLAXE S.E.I.S | 14 | 4 |

| | | |
|---|---|---|
| CURSO DE RECICLAXE TRANSPORTE DE MERCANCÍAS PERIGOSAS | 20 | 1 |
| RESCATE E SALVAMENTO | 30 | 2 |

Segundo.- Autorizar e comprometer, conforme ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, das Facendas Locais, o gasto total de 1600.00 €, con cargo á partida orzamentaria 12112270609, para a execución das accións formativas destinadas ao persoal do Concello de Vigo, as indemnizacións en concepto de asistencias por colaboración non permanente nin habitual en institutos, escolas ou unidades de formación e perfeccionamento do persoal ao servizo das Administracións públicas, arts 1.d en relación co 27.1.c, e 2 do RD. 462/2002, do 24 de maio, do seguinte formador:

| ACCIÓN | FORMADOR | NIF | HO RAS | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|
| CASOS PRÁCTICOS DE DEREITO ADMINISTRATIVO (IV) | Gustavo Rodriguez Bartol, | 36062060S, | 20 | 1600,00€ |

Terceiro.- Autorizar e comprometer, conforme ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de Abril, de Bases do Réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, das Facendas Locais, o gasto total de 16440.00 €, con cargo á partida orzamentaria 222.2.1620000, para a execución das accións formativas destinadas ao persoal da Policía Local, que se corresponden con:

- As indemnizacións en concepto de asistencias por colaboración non permanente nin habitual en institutos, escolas ou unidades de formación e perfeccionamento do persoal ao servizo das Administracións públicas, arts 1.d en relación co 27.1.c, e 2 do RD. 462/2002, do 24 de maio, que ascenden a 16.440 € ,dos seguintes formadores:

| ACCIÓN | FORMADOR | NIF | HORAS | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|
| PRÁCTICAS ANUAIS DE TIRO | FRANCISCO MARTINEZ MUÑOZ<br>Inspector Principal de la P. L de Vigo<br><br>JOSE BOUZAS NOVAS<br>Inspector da P.L. de Vigo<br><br>JOSE VAZQUEZ VARELA<br>Inspector da P.L. de Vigo<br><br>MANUEL AGUADO TABOADA<br>Oficial da P.L. de Vigo<br><br>RAMON COUSIÑO SENDIN<br>Policía da P.L. de Vigo | 36023165J<br><br><br>36026948R<br><br><br>36071670B<br><br><br>36.022.286P<br><br><br>36055693L | 14<br><br><br>14<br><br><br>10,5<br><br><br>14<br><br><br>10,5 | 840 €<br><br><br>840 €<br><br><br>630 €<br><br><br>840 €<br><br><br>630 € |
| ÉTICA POLICIAL | FRANCISCO MARTINEZ MUÑOZ<br>Inspector Principal de la P.L. de Vigo<br><br>JUAN ANTONIO MARÓN LORENZO | 36023165J<br><br><br>36033263Z | 18<br><br><br>24 | 1.080 €<br><br><br>1.440 € |
| INTERVENCIÓN POLICIAL | JOSE BOUZAS NOVAS<br>Inspector da P.L. de Vigo | 36026948R | 42 | 2.520 € |
| CONTROL DE MASAS | JUAN CARLOS BARÁ TORRES<br>Inspector-xefe do Corpo Nacional Policía<br>JOSÉ LUIS OUTUMURO ÁLVAREZ<br>Axente do Corpo Nacional de Policía<br>RAÚL PÉREZ CRESPO | 35293757G<br><br>34967594G<br><br>11961620X | 10<br><br>5<br><br>5 | 600 €<br><br>300 €<br><br>300 € |

| ACCIÓN | FORMADOR | NIF | HORAS | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|
| | Axente do Corpo Nacional de Policía | | | |
| CONTROL DE MASAS | FELIX SEGURO MORALES<br>Inspector do Corpo Nacional de Policía<br>LICESIO RECAREY BELLO<br>Axente do Corpo Nacional de Policía<br>JOSÉ LUIS OUTUMURO ÁLVAREZ<br>Axente do Corpo Nacional de Policía<br>RAÚL PÉREZ CRESPO<br>Axente do Corpo Nacional de Policía | 09195352K<br><br>10069548X<br><br>34967594G<br><br>11961620X | 9<br><br>3<br><br>3<br><br>5 | 540 €<br><br>180 €<br><br>180 €<br><br>300 € |
| CONTROL DE MASAS | FELIX SEGURO MORALES<br>Inspector do Corpo Nacional de Policía<br>LICESIO RECAREY BELLO<br>Axente do Corpo Nacional de Policía<br>JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ACUÑA<br>Axente do Corpo Nacional de Policía<br>JOSE MIRANDA PRIETO<br>Axente do Corpo Nacional de Policía | 09195352K<br><br>10069548X<br><br>76988746H<br><br>36095006W | 9<br><br>3<br><br>5<br><br>3 | 540 €<br><br>180 €<br><br>300 €<br><br>180 € |
| CURSO PRÁCTICO SOBRE MEDICIÓN DE RUIDOS | ALBERTO CARBALLO ACUÑA<br>Inspector Principal da P.L. de Vigo | 36069952H | 20 | 1.200 € |
| MANEXO DAS BASES DE DATOS DA UMIR | PABLO VILA CAMPOS<br>Policía Local de Vigo | 36119483F | 8 | 480 € |
| SVB Y PRIMEROS AXULIOS | MARÍA ELENA PAZO GUERRERO<br>Técnica do 061<br>MARIA JESUS MEDINA TRIGO<br>Técnica do 061<br>JOSE SALVIO GARCIA FERNANDEZ<br>Técnico do 061 | 36116682N<br><br>36036440V<br><br>36066539D | 4<br><br>4<br><br>3 | 240 €<br><br>240 €<br><br>180 € |
| NOVIDADES PROFESIONAIS DO NOVO REGULAMENTO DE CONDUTORES | ALBERTO CARBALLO ACUÑA<br>Inspector Principal da P.L. de Vigo<br>FRANCISCO JAVIER CARBALLO ACUÑA<br>Inspector Principal da P.L. de Vigo | 36069952H<br><br>36076760H | 14<br><br>14 | 840 €<br><br>840 € |

- Comprometer o gasto de 4.800 €, autorizado pola Xunta de Goberno, no acordo do 21 de Abril de 2008 polo que aprobou o convenio de colaboración coa a AGASP en materia de formación permanente do persoal dos corpos de Policía Local, con cargo á partida orzamentaria 2222.2260900, de acordo coa seguinte distribución:

| ACCIÓN | FORMADOR | NIF | HORAS | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|
| DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA. | D. ANTONIO VIVERO MIJARES<br>Asesor Xurídico da P.L. de Vigo | 36.088.250P | 20 | 1200€ |
| DELITOS CONTRA O PATRIMONIO | D. ANTONIO VIVERO MIJARES<br>Asesor Xurídico da P.L. de Vigo | 36.088.250P | 20 | 1200€ |
| ACTUALIZACIÓN EN MATERIA DE VIOLENCIA SEXISTA | D. MANUEL ANGEL PEREIRA COSTAS<br>Maxistrado con destino en Vigo<br>DÑA. EMMA GONZALEZ RODRÍGUEZ<br>Fiscal con destino en Vigo | 35322352X<br><br>36103687N | 10<br><br>10 | 600 €<br><br>600€ |
| CURSO PRÁCTICO SOBRE MEDICIÓN DE RUIDOS | ALBERTO CARBALLO ACUÑA<br>Inspector Principal da P.L. de Vigo | 36069952H | 20 | 1.200 € |

**41(1899).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN PERSOAL DO SERVIZO DE SANIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2009. EXPTE. 19491/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 2 de decembro de 2009 emitido pola técnica de Avaliación e Formación de RR.HH. co conforme da xefa do Servizo de Recursos Humanos e do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención de data 10.12.2009, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar o gasto por importe de 206,53 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo de D. Constantino Domínguez Casales, adscrito ao Servizo de Sanidade correspondente ao mes de agosto de 2009.

**42(1900).- AXUDAS SOCIO-SANITARIAS CON CARGO Ó FONDO DE ACCIÓN SOCIAL CORRESPONDENTES Ó ANO 2009 POR RECLAMACIÓNS. EXPTE. 19496/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 4 de decembro de 2009 emitido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos co conforme do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención de data 10.12.2009, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autoriza-lo abono, en concepto de reclamacións das axudas socio-sanitarias 2009, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 2.443 € (DOUS MIL CATROCENTOS CORENTA E TRES EUROS), ós empregados municipais que se relacionan:

| APELIDOS E NOME | DNI | Nº PERSOAL | 0,00 |
|---|---|---|---|
| Aballe González, Manuel | 36.031.484 | 14315 | 45,00 |
| Ballesteros Costas, Roberto | 36.074.998 | 22869 | 310,00 |
| Cancelo Mariñas, Antonio | 36.001.597 | 16627 | 107,00 |
| Casal Prieto, Elisa | 34.956.911 | 79130 | 190,00 |
| Fernández Costas, Mª Mercedes | 36.004.146 | 14195 | 315,00 |
| García Barbosa, Eva | 32.640.577 | 78501 | 210,00 |
| Martínez González, José Manuel | 36.013.732 | 13669 | 300,00 |
| Novoa Seijo, Manuel V. | 34.923.279 | 16811 | 210,00 |
| Piñeiro Gómez, Josefa | 36.102.919 | 76474 | 65,00 |
| Quivén Puente, Mª Victoria | 35.259.009 | 13356 | 490,00 |
| Rodríguez Lago, Carlos | 36.045.814 | 20609 | 151,00 |
| Vieites Alén, Mª Dolores | 36.101.442 | 77222 | 50,00 |
| **SUMA TOTAL** | | | **2.443,00** |

Reclamacións denegadas:

Bernardez de Dios, Antonio (queda pendente de resolver).
Egea Torrón, Pilar (queda pendente de resolver)
Fernández Cabaleiro, José Luis (cobrou correctamente).
Jorge García, Margarita, (cobrada correctamente)
Juncal Lagoa, Miguel A, (facturas fora de prazo)
Mouriño Barros, Mª Carmen (contratada)
Núñez Fernańdez, Rosa, (pendente de resolver)

Rivero Alvarez, Francisco J., (pagado correctamente)”

**43(1901).- EXECUCIÓN DE SENTENZA NÚM. 178/2007 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DE VIGO, NO RCA-PA 115/2007 INTERPOSTO POR Dª ALICIA MEIRIÑO FERNÁNDEZ. EXPTE. 19530/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 11 de decembro de 2009 emitido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos co conforme da xefa da Área de Réxime Interior e do concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

“PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da cualificación realizada en sesión do 05/11/2009 polo órgano de selección designado en execución da Sentenza nº 178/2007, do 22 de maio do 2007, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (p.a.) nº 115/2007, interposto por Dª Alicia Meiriño Fernández, confirmada polo TSXG en Sentenza nº 583/2008, do 17 de setembro, no recurso de apelación nº 84/2008, e Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo de 15 de outubro do 2009.

SEGUNDO.- Determinar que a cualificación do exercicio realizado pola aspirante Dª Alicia Meiriño Fernández recibe unha puntuación de 1,916 puntos, nos termos do acordado polo órgano de selección e segundo a táboa de puntuacións consignada na acta.

TERCEIRO**.-** Dar conta do presente acordo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo de Asesoría Xurídica do Concello, notificando asemade o mesmo aos funcionarios/as implicados, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”

**44(1902).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN RELATIVA A ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Ó FUNCIONARIO D. MARCOS LÓPEZ CAMPOS. EXPTE. 19474/220.**

O 30 de novembro de 2009, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal asinou a seguinte resolución:

*“Con data 15 de outubro de 2009 o Tesoureiro Municipal remite a este Servizo de Recursos Humanos, solicitude de encomenda de funcións a D. Marcos López Campos, auxiliar administrativo adscrito ao negociado de pagaduría, as funcions asignadas ao posto de Xefe de negociado, vacante pola xubilacion de Dª Elisa Rodriguez Lagoa en data 19 de setembro de 2009.*

*Ante a necesidade de que o negociado de pagaduría continue co seu funcioamento eficaz e dada os coñecementos e a experiencia que xa ven demostrando o funcionario D Marcos López Campos, que, en ausencia da titular do posto xa desempeñou as funcions propias deste (Acordo da Xunta de Goberno Local Expte 13901/220), propoñéndose a tal obxecto a encomenda de funcions da Xefatura de pagaduría, ao funcionario D. Marcos López Campos, nº de persoal 21930, auxiliar administrativo adscrito ao negociado de pagaduría da Tesoureria Municipal, acumulando temporalmente os dous postos.*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

*R E S O L V O*

*"Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Marcos Lopez Campos, nº de persoal 21913, Auxiliar Administrativo adscrito a Negociado de Pagaduria as funcións do posto 175 xefe de negociado de pagaduria, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e como máximo seis meses ou ata que o posto sexa cuberto mediante algún dos mecanismos legamente previstos, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Tesoureria Municipal, Xefatura do Servizo de Recursos Humáns, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou*

*publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

A Xunta de Goberno Local tomou coñecemento da antedita resolución.

**45(1903).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN RELATIVA A ACUMULACIÓN DE FUNCIÓNS Á FUNCIONARIA ADSCRITA Á XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO Dª CARLA CANDÍA PAZ. EXPTE. 19531/220.**

O 20 de novembro de 2009 o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal asinou a seguinte resolución:

*"En escrito de data 16/11/2009, a Xerente de Urbanismo, coa conformidade do Sr. Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, solicita a encomenda ou acumulación das funcións propias da xefatura do servizo de Intervención na Edificación a favor da funcionaria Dª Carla Candia Paz, con nº de persoal 79.872, técnica de administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo que na actualidade está adscrita en comisión de servizos de carácter temporal ao posto de traballo denominado "Adxunto/a Xefe do Servizo de Intervención na Edificación", código de posto 420.02 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.*

*A petición efectuada fundaméntase na situación de vacancia do posto de traballo denominado "Xefe/a do Servizo de Intervención na Edificación" (código de posto 420.01, código retributivo 6) estimándose por parte dos citados responsables do organismo autónomo municipal a necesidade de proceder provisionalmente á solución da dita situación de vacancia para garantir o correcto funcionamento da Xerencia .*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

*R E S O L V O*

*“Primeiro.- Encomendar provisional e transitoriamente funcións de responsable do Servizo de Intervención na Edificación (posto código 420.01 da vixentes RPT) á funcionaria Dª Carla Candia Paz, con nº de persoal 79.872, técnica de administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo que na actualidade está adscrita en comisión de servizos de carácter temporal a o posto de traballo denominado “Adxunto/a Xefe do Servizo de Intervención na Edificación”, código de posto 420.02 da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo.*

*Segundo.- A presente encomenda de funcións autorízase con carácter temporal e transitorio ata que se proceda á cobertura do posto de traballo vacante, momento en que quedará sen efecto automáticamente. Igualmente, quedará sen efecto con carácter automático no momento no cal se produza a finalización da comisión de servizos de carácter temporal autorizada por Decreto de 3 de abril do 2009.*

*Terceiro.- A encomenda de funcións que pola presente se autoriza poderá devengar os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e nos termos das vixentes instruccións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo Municipal (BOP nº 53, do mércores 18 de marzo do 2009), sendo competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación das retribucións complementarias que eventualmente puidesen propoñerse.*

*Cuarto.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado/a, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) así como ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.*

*Quinto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

A Xunta de Goberno Local tomou coñecemento da antedita resolución.

**46(1904).- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO POR OBRAS DE “MODIFICADO NÚM. 1 DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ESPERANTO”. EXPTE. 964/443.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**47(1905).- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO POR OBRAS DE “MELLORA DA ESTRADA DO FREIXO”. EXPTE. 60274/250.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**48(1906).- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO POR OBRAS DE “MELLORA DA REDE DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO E REPOSICIÓN DE PAVIMENTO DA TRAV. DO PINO, FASES 1 E 2”, POR CONTRATO DE DATA SETEMBRO DE 2005. EXPTE. 1046/443.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**49(1907).- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO POR OBRAS DO PROXECTO DE “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO DA PARROQUIA DE ZAMÁNS”, POR CONTRATO DE DATA 23 DE XANEIRO DE 2007. EXPTE. 636/443.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**50(1908).- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO LIQUIDACIÓN DE OBRAS DE ABASTECEMENTO DE NAVIA E FONTÁNS. EXPTE. 55886/250.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**51(1909).- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO POR LIQUIDACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DO SANEAMENTO DO CONCELLO DE VIGO-AUTOMATIZACIÓN”. EXPTE. 60010/250.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**52(1910).- AUTORIZACIÓN Á ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE “RETRANQUEO DE MURO NA RÚA SEGADE-BEMBRIVE”. EXPTE. 166/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais do 15.12.2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Entidade Local Menor de Bembrive, con cargo aos seus orzamentos, a realización das obras recollidas no proxecto redactado pola empresa Vilar Montoro Ingeniería para o Retranqueo do muro da Rúa Segade, na parroquia de Bembrive, por importe de 33.711,62 Euros.

**53(1911).- AUTORIZACIÓN Á ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE BEIRARRÚAS NA RÚA SEGADE-BEMBRIVE. EXPTE. 167/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais do 15.12.2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Entidade Local Menor de Bembrive, con cargo aos seus orzamentos, a realización das obras recollidas no proxecto redactado pola empresa Vilar Montoro Ingeniería para o Proxecto de Beirarrúas na Rúa Segade, por importe de 35.377,09 Euros.

**54(1912).- AUTORIZACIÓN Á ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE RETRANQUEO DO MURO NA RÚA PARROCHA. EXPTE. 168/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais do 15.12.2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Entidade Local Menor de Bembrive, con cargo aos seus orzamentos, a realización das obras recollidas no proxecto redactado pola empresa Vilar Montoro Ingeniería para o Retranqueo de muro na Rúa Parrocha, por importe de 41.276,41 Euros.

**55(1913).- AUTORIZACIÓN Á ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE MURO DE CONTENCIÓN DE GRANITO EN CAMIÑO FIONDE-BEMBRIVE. EXPTE. 169/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais do 15.12.2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Entidade Local Menor de Bembrive, con cargo aos seus orzamentos, a realización das obras recollidas no proxecto redactado pola Enxeñeiro Industrial, D. Javier de la Puente Crespo para o Muro de escollera en Camiño de Fionde, por importe de 34.090,86 Euros.

**56(1914).- APROBAR TECNICAMENTE OS PROXECTOS DE "ACTUACIÓN SOBRE OS SERVIZOS AFECTADOS NAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA PO-330 AV. CASTRELOS E DA PO-552. AVDA. FLORIDA. EXPTE. 60393/250.E**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do 15.12.2009 do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado pola concelleira delegada de área, visto o informe do titular da Asesoría Xurídica do 18.12.2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar técnicamente os proxectos de "actuación sobre os servizos afectados na Mellora da Seguridade Vial da PO-330 Avda. Castrelos (Clave PO/07/012.06MI) cun presuposto base de licitación de 45.478,12 €" e "actuación sobre os servizos afectados na

Mellora da Seguridade Vial da PO-552 Avda. Florida (Clave PO/07/013.06 MI) cun presuposto base de licitación de 40.763,44 €".

Segundo.-Incluir nos presupostos de 2010 partida por importe de 86.241,56 € para a execución das obras recollidas nos proxectos reseñados no parágrafo anterior.

Terceiro.- Enviar á Xunta de Galicia certificación do acordo adoptado.

**57(1915).- APROBAR TECNICAMENTE OS PROXECTOS "PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA PO-330 AVDA. CASTRELOS" E "PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA PO-552 AVDA. FLORIDA. EXPTE. 60395/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do 15-.12.2009, do enxeñeiro xefe de Vías e Obras conformado pola concelleira delegada de área, visto o informe da Asesoría Xurídica do 18.12.2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar técnicamente o Proxecto Modificado Nº1 das obras de Mellora da Seguridade Vial da PO-330 Avda. Castrelos.

Segundo- Aprobar técnicamente o Proxecto Modificado Nº 1 das obras de Mellora da Seguridade Vial da PO-552 Avda. Florida.

Terceiro.- Remitir á Xunta de Galicia certificación do presente acordo.

**58(1916).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PARCIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2803/428.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23.10.09, dáse conta do informe-proposta asinado pola arquitecta-xefe da Oficina da ITE, o técnico de Admón. Xeral e o xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

*I. FEITOS/ANTECEDENTES*

*I.1O Art. 9 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), obriga ós propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións a destinalos ós usos permitidos polo planeamento urbanístico e a mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación. En termos semellantes exprésase tamén hoxe o Art. 9 do RDLex.2/2008, do 20 de xuño, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de solo.*

*I.2.Ademáis, o Art. 200 da LOUGA estableceu o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.*

*I.3.A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluiranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, os prazos e as condicións nas que deba realizarse a inspección técnica das edificacións (ITE) a cargo de facultativo competente.*

*1.4. En sesión ordinaria do 01.04.2005, o Pleno desta Corporación acordou aprobar definitivamente a «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO» (Exp. n° 936/400; BOP n° 93, do 16.05.2005); Ordenanza que entrou en vigor o 01.01.2006 (Disposición Final 2ª).*

*1.5. A ordenanza é aplicable a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións e construccións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.), con excepción das edificacións e construccións declaradas en situación de ruina por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruina.*

*II. NORMATIVA EXAMINADA*

- *CE (Constitución española de 1978).*
- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LOE (L.38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación).*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LMMGL (L.57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a modernización do goberno local).*
- *TRRL (RDLex.781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local).*
- *LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).*
- *ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).*
- *RSCL (D. 17.06.1955, Regulamento de servicios das Corporacións locais).*
- *RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).*
- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo).*

*III. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PROPOSTA*

*III.1. Tres anos despois da entrada en vigor da Ordenanza, a experiencia práctica acumulada na súa aplicación, concretada en máis de 8.500 ITEs presentadas no periodo 2006-2009, aconsellan introducir no seu texto determinadas correccións, orientadas todas elas a acadar, do mellor xeito posible, o seu obxectivo principal: velar polo mantemento das condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade das edificacións suxeitas a esta obriga.*

*Trátase tamén, ó mesmo tempo, de clarificar e simplificar a realización dos informes de ITE e de dotar dunha maior eficacia á resposta dos cidadáns naqueles casos en que sexa necesario adoptar medidas urxentes pola existencia dunha situación de risco ou perigo inminente.*

*111.2. Ó mesmo tempo, a entrada en vigor do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo de 2008 (PXOM) xustifica a adaptación da Ordenanza da ITE ás novas determinacións do planeamento; acomodación normativa xa prevista, por certo, na súa Disposición Final 1a.*

*Así, por exemplo, a esixencia de acreditar o cumprimento das condicións de protección contra incendios (Art. 2.3.4 NNU) traducirase na obrigatoria incorporación dun novo informe que garanta o cumprimento daquelas condicións e afectará ó contido dos Arts. 1 e 5 da Ordenanza, ó Anexo II - Informe "D" (Apdo. "D.2") e ó ditame.*

*Ademáis, a distinción que realiza o PXOM entre as situacións de fóra de ordenación total e parcial ("fóra de ordenación" e "fóra de ordenanzas", respectivamente: Arts. 2.7.20 e 2.7.22 NNUU), recóllese agora na Ordenanza no seu Anexo I («Ficha técnica da edificación»), páxina 2 («situación urbanística»).*

*111.3. As principais modificacións que se propoñen son, en síntese, as seguintes:*

a) *Establécese o contido mínimo do informe de ITE e a obriga de levar a cabo os estudos previos necesarios para determinar a existencia ou non de danos na edificación. Para estes efectos, obrígase a realizar probas, calas ou catas no caso de que existan indicios que leven ó técnico a supoñer a existencia dun dano oculto.*
b) *Clarifícase o contido mínimo dos informes desfavorables e elimínase o informe "E", relativo ó estado xeral dos elementos comúns (portais, escaleiras, etc.), xa que éste soamente resultaba de aplicación para os edificios de vivenda colectiva ou de oficinas e o seu contido debíase incluir obrigatoriamente xa nos demáis informes.*
c) *Asegúrase unha maior eficacia na adopción por parte da propiedade, baixo a dirección dun técnico competente, das medidas inmediatas de seguridade esixidas diante dunha situación de perigo inminente. A adopción destas medidas urxentes quedarán debidamente xustificadas, técnica e documentalmente, no informe de ITE. Así, no Art. 9 da Ordenanza establécese a obriga de presentar, xunto co informe de ITE, un compromiso de execución inmediata das medidas urxentes necesarias e, á súa finalización, un documento que acredite a correcta execución déstas.*
d) *Simplifícase o contido dos informes en dous (2) modelos, dependendo de que o resultado da inspección sexa favorable ou desfavorable. Así, se o resultado fose favorable non será necesaria a presentación de todos os informes senón soamente do ditame favorable.*
e) *Modifícase a Ficha técnica da edificación (Anexo I) para posibilitar a introducción dun maior número de referencias catastrais e doutros datos relativos ó réxime propiedade.*

*IV. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA*

*IV.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a disciplina urbanística, o patrimonio histórico-artístico, a protección do medio ambiente e da salubridade pública (Art. 25.2.d], e], f] e h] LRBRL e Art. 80.2.d], e] e arts. 81.d] e 86.1.i]*
*LALGA ).*

*IV.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos Arts.*

*4.1.a] da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD.2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).*

*IV.3. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (Arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).*

*IV.4. As súas diposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non puidendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos Arts. 139-141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local.*

*IV.5. A teor do disposto na precitada L.57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a] LRBRL) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d] LRBRL); atribución esta última tamén recollida nos Arts. 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF. Ademáis, conforme co Art. 8.m] en relación co Art. 3 dos Estatutos da XMU, correspóndelle ó Consello de Xerencia propoñerlle ó Pleno da Corporación a adopción de acordos en todos aqueles asuntos nos que a competencia se reserva a este.*

*IV.6. De acordo cos Arts. 49 da LRBRL e 56 do RDLex.781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a aprobación da modificación desta Ordenanza axustarase ó seguinte procedemento:*

a) *Aprobación do proxecto de ordenanzas pola Xunta de Goberno Local ao amparo do artigo 127.1.a da Lei 7/1985.*
b) *Aprobación inicial polo Pleno, previo ditame da comisión informativa.*
c) *Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.*
d) *Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.*
e) *De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.*

*IV.7. Conforme co previsto nos Arts. 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a Ordenanza deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación completa.*

*V. PROPOSTA DE ACORDO*

*Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ó Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte,*

*«ACORDO*

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN PARCIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO, elaborada pola Oficina de ITE da Xerencia Municipal de Urbanismo, co texto que consta no Exp. n° 2803/428 (2009).*

*Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións. Declarar que, consonte co establecido no artigo 49.c] da LRBRL (L.7/1985), de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza no BOP; Ordenanza que entrará en vigor ós quince días da súa publicación completa».*

*Non obstante, o Consello de Xerencia, a Xunta de Goberno local e o Pleno da Corporación decidirán, co seu superior criterio, o que estimen oportuno.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o proxecto de modificación parcial da Ordenanza municipal reguladora da Inspección técnica de edificacións (ITE) do Excmo. Concello de Vigo, elaborada pola Oficina de ITE da Xerencia municipal de Urbanismo, co seguinte texto e os anexos obrantes no expediente.

*PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*I. XUSTIFICACIÓN*

*Congruente co concepto xeral de propiedade privada acollido pola Constitución Española de 1978 no seu artigo 33, «como un haz de facultades sobre las cosas, pero también, y al mismo tiempo, como un conjunto de derechos y obligaciones» (STC 37/1987, do 26.03.1987, FX 2°), o contido normal do dereito de propiedade urbana está integrado non só por un conxunto de facultades senón tamén de deberes, entre os que se atopa o deber básico dos propietarios de manter as edificacións en debidas condicións de seguridade e salubridade.*

*Este deber de conservación, positivizado na lexislación urbanística e da edificación, constitúe unha das manifestacións típicas da «función social da propiedade» (Art. 33.2 CE), delimitadora do contido do dereito de propiedade privada en atención á finalidade ou utilidade social que, neste caso a propiedade inmobiliaria, debe cumprir.*

*Desde hai tempo, vense constatando unha crecente preocupación social polo estado de conservación das edificacións e, en especial, polas consecuencias negativas derivadas do incumprimento polos propietarios das condicións de seguridade esixibles; causa en ocasións de graves danos para os bens e tamén, lamentablemente, de perda de vidas humanas.*

*Para facer fronte a esta situación é preciso que os poderes públicos e, en primeira instancia, as Corporacións locais, sexan capaces de instrumentar medios de control preventivo e de fomento que complementen eficazmente as técnicas ordinarias de intervención restauradora (p.ex. ordes de execución) e as tradicionais -e imprescindibles-*

*tarefas de policía administrativa vencelladas á vixilancia do mantemento daquelas condicións básicas de conservación.*

*No marco dunha necesaria cultura da rehabilitación e o mantemento, a inspección periódica ou técnica das edificacións (ITE) configúrase hoxe no dereito urbanístico autonómico e nas ordenanzas locais como un instrumento de tutela preventiva idóneo para potenciar o papel que a conservación debe xogar no mantemento da cidade e para evitar a progresiva degradación do patrimonio edificado, o deterioro urbanístico e social de determinadas áreas e a perda de identidade urbana asociada.*

*A realización de inspeccións técnicas periódicas deberá permitir coñecer se as edificacións están a ser conservadas e mantidas correctamente e non presentan síntomas aparentes que indiquen unha falta de seguridade nas mesmas, posibilitando unha mellora substancial dos niveis de conservación xeral e que se acometa a tempo a execución de medidas inmediatas que eviten tanto riscos para a seguridade das persoas como a necesidade de afrontar reparacións máis complexas e costosas.*

*Ademáis de permitir un maior coñecemento e control do estado de conservación das edificacións de Vigo, obxectivo principal que se reflectirá no Rexistro da ITE, a Ordenanza debería contribuir tamén a dotar de maior seguridade xurídica e técnica ós usuarios do mercado inmobiliario de vivendas de certa antigüidade ou rehabilitadas.*

*II. FUNDAMENTO LEGAL*

*O artigo 200 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.*

*A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluiranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, os prazos e as condicións nas que deba realizarse a ITE a cargo de facultativo competente, que consignará os resultados da súa inspección expedindo un informe no que describirá os estragos apreciados no inmoble, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estructurais ou para manter ou rehabilitar as súa dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.*

*Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo da anterior inspección periódica. A eficacia deste informe esixe remitirlles copia del ó Concello e ó colexio profesional correspondente.*

*A Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo poderá esixir dos propietarios a exhibición dos informes actualizados de inspección periódica de edificacións e, se descubrise que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio a custa dos obrigados.*

*No artigo 217.4 do mesmo texto legal tipifícase como infracción urbanística leve o incumprimento da obriga de realizar a inspección periódica das edificacións, sancionable con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a]).*

*III. COMPETENCIA MUNICIPAL*

*De acordo coa lexislación de réxime local, o Concello de Vigo conta, no desenvolvemento das súas funcións de policia urbana, coa habilitación legal precisa para exercer competencias en materias tales como disciplina urbanística (arts. 25.2.d] LRBRL e 80.2.d] LALGA), patrimonio histórico-artístico (arts. 25.2.e] LRBRL e 80.2.e] LALGA), protección do medio ambiente (arts. 25.2.f] LRBRL), protección civil (arts. 25.2.c] LRBRL e 80.2.c] LALGA) e protección da salubridade pública (art. 25.2.h] LRBRL).*

*IV. CONTIDO E ALCANCE DA ORDENANZA*

*A «Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións (ITE) do Excmo. Concello de Vigo» establece a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística e a propia Ordenanza mediante a obtención dun informe de inspección técnica da edificación expedido por técnico competente, co contido, na forma e nos prazos sinalados nela.*

*Esta obriga alcanza a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino, agás as declaradas en situación de ruina ou sometidas a expediente contradictorio de ruina mentres non exista resolución firme.*

*Para todos os edificios existentes á entrada en vigor da Ordenanza, os prazos para a presentación do primeiro informe empezarán a contar desde esa mesma data e quedan fixados na forma establecida na Disposición transitoria única, sen que en ningún caso esta disposición poida xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.*

*ARTIGO 1.— FUNDAMENTO E OBXECTO DA ORDENANZA*

*1.1.— Díctase esta Ordenanza ó abeiro do disposto, especificamente, no artigo 200 da LOUGA, que establece a obriga dos concellos de regular mediante ordenanza municipal o deber de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.*

*1.2.— Regúlase nela a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación, concretado no mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estruturais* ***e condicións de protección ou de seguridade en caso de incendios****, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, de acordo co establecido na normativa urbanística aplicable e nesta Ordenanza.*

*1.3.— Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estruturais* ***e de seguridade en caso de incendio****s, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:*

a) *Seguridade, estabilidade e consolidación estruturais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes do mesmo danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, ós soportes, ás vigas, ós forxados, ós muros de carga ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.*

b) *Seguridade e estabilidade dos seus elementos construtivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, barandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden cair á vía pública.*

c) *Estanquidade fronte á agua, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.*

d) *Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa da falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.*

e) ***Cumprimento das condicións de proteccion de incendios que correspondan en aplicación da normativa aplicable no momento da licenza obtida.***

*1.4.— O cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica.*

*ARTIGO 2.— OBRIGADOS*

*2.1.— Todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.) estarán afectados pola obriga formal establecida nesta Ordenanza. Exceptúanse as edificacións declaradas en situación de ruina por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruina.*

*2.2.— No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios o deber de realizar a ITE corresponderá á propia comunidade.*

*ARTIGO 3.— INFORME DE INSPECCION TÉCNICA DA EDIFICACIÓN*

*3.1.— A obriga formal de acreditar o cumprimento do deber de conservación da edificación verificarase mediante a obtención por conta e cargo do propietario de informe expedido polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función que el mesmo designe. O contido, forma e prazos de presentación do informe serán os establecidos nesta Ordenanza.*

*3.2.— De conformidade co disposto no artigo 200 da LOUGA, para a eficacia deste informe esixirase a presentación de copia do mesmo no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación que se ha constituir na Xerencia.*

*Poderán presentalo, ademáis dos propietarios das edificacións, os presidentes das comunidades de propietarios e os que exerzan o cargo de administrador. Neste último suposto achegarase o título e virtude do cal se ostenta a representación.*

*3.3.— Para o caso de edificacións pertencentes ás Administracións públicas os informes poderán ser conformados polos seus servizos técnicos competentes.*

*ARTIGO 4.—FICHA TÉCNICA DA EDIFICACIÓN*

*Establécese a obriga de realizar unha Ficha Técnica da Edificación, relativa á situación xurídica, arquitectónica, urbanística e ó réxime de ocupación da mesma, segundo o modelo que se xunta a esta Ordenanza como Anexo I.*

*ARTIGO 5.— CONTIDO DO INFORME*

*5.1.— A resultas da inspección realizada o informe técnico deberá consignar o resultado da mesma, indicando inequívocamente que o edificio ou edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estrutural* ***e de seguridade en caso de incendios****, así como as de habitabilidade en que debe manterse en función do seu uso e fará referencia, necesariamente, ós seguintes aspectos:*

a) *Estado da estrutura e cimentación (****incluidas a das escaleiras, a estrutura ou armadura da cuberta, muros de carga,...).***

b) *Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, dos elementos que puidesen suponer un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas,* ***aplacados****, barandas, marquesinas, entre outros.*

c) *Estado de conservación de cubertas e azoteas.*

d) *Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio e* ***das instalacións e/ou elementos de protección ou seguridade en caso de lume que correspondan en aplicación da normativa aplicable no momento da licenza obtida.***

*5.2.—* ***Para o caso de que non se acadasen as condicións citadas anteriormente, o informe deberá expresar claramente o resultado desfavorable da inspección con indicación dos prazos de inicio e de execución estimados para a execución das obras ou medidas indicadas nos mesmos e reflectirá como mínimo o seguinte contido:***

a) ***Con carácter previo á redacción do informe e sempre que existan indicios dun posible dano, deberán realizarse e describirse no informe todos os estudos previos que a xuizo do técnico inspector sexan necesarios para obter un coñecemento suficiente da edificación: apertura de calas, catas, desmontaxe de falsos teitos, colocación de testemuñas, etc...***

b) ***Data da visita ou visitas de inspección realizadas.***

c) ***Indentificación do inmoble/s afectado/s pola actuación.***

d) ***Descrición do sistema construtivo.***

e) ***Descrición, localización, extensión (afección puntual, parcial, xeneralizada,....) dos danos e/ou deficiencias que afecten á estrutura e cimentación, ás fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos e ós elementos que puidesen supoñer un perigo para a vía pública, ás cubertas e azoteas, ás redes xerais de fontanería e saneamento do edificio e ás instalacións ou elementos de protección en caso de lume.***

f) ***Descrición do proceso patolóxico e das súas posibles causas.***

g) ***Descrición das obras e traballos que, de forma priorizada, se consideran necesarias para subsanar as deficiencias descritas no apartado e) a fin de evitar que a dita lesión se volva producir. Esas obras serán obxecto de licenza e, polo tanto, deberán ser permisibles de acordo coa normativa vixente.***

*5.3.— Así mesmo, deixaráse constancia do **grao de realización e efectividade das medidas, traballos e obras realizadas para cumprir as** recomendacións expresadas con motivo de anteriores inspeccións periódicas.*

*5.4.— Comprenderá, así mesmo, a indicación das medidas **provisionais** inmediatas de **seguridade adoptadas**, **con xustificación de que non admitían demora por motivo de inminente perigo** para os ocupantes da edificación ou das colindantes ou para as persoas que transiten polas súas inmediacións ou pola vía pública. **Esas medidas observarán, en calquera caso, o principio de intervención mínima, correrán a cargo da propiedade, baixo dirección técnica competente, e serán as que o técnico considere imprescindibles para evitar un risco inminente. Poderán consistir en retirada de elementos das fachadas, apeos e apontoamentos puntuais, valados ou outras análogas.***

***A adopción destas medidas de seguridade urxentes deberá quedar debidamente xustificada técnica e documentalmente no informe de inspección técnica.***

***En ningún caso se poderán realizar, ó amparo deste procedemento, obras, medidas ou traballos que supoñan a demolición total ou parcial da edificación ou construción, a alteración de elementos protexidos, nin afectar ó réxime de ocupación do inmoble.***

*5.5.— **O informe presentarase segundo os modelos que se xuntan a esta Ordenanza como Anexos II ou III, dependendo de que o resultado da inspección sexa desfavorable ou favorable, debidamente cubertos e acompañado de:***

a) ***Reportaxe fotográfica do exterior e o interior do edificio (en cor e tamaño mínimo 8 x 5 cm), con lendas explicativas expresivas do contido do informe que corresponda. A reportaxe fotográfica asinarase obrigatoriamente polo técnico inspector.***
b) ***Plano de situación a escala mínima 1:1000. Nel delimitaranse gráficamente tanto os límites da parcela como o conxunto de edificacións que fosen inspeccionadas.***
c) ***Consulta/s descritiva/s gráfica de datos catastrais.***

*ARTIGO 6. — FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DO INFORME*

*6.1.— O informe deberá presentarse no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, acompañado da Ficha Técnica da Edificación.*

*6.2.— O primeiro informe deberá presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 30 anos de antigüidade ou dentro do prazo específico de 3 meses se o propietario da edificación fose requirido ó efecto de forma expresa e motivada pola Xerencia.*

*6.3.— O informe deberá renovarse periódicamente, dentro do ano seguinte a aquel en que teñan transcorrido 10 anos desde o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior e entregarse no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, xunto coa Ficha Técnica debidamente actualizada, conforme ós modelos establecidos nos **Anexos I e II ou III** da Ordenanza.*

*6.4.— Para os efectos desta Ordenanza, entenderase como idade da edificación o tempo transcorrido desde a data de terminación total da súa construcción. Non obstante, no caso de que se executasen, de acordo coa licencia e autorizacións sectoriais esixidas, obras de **reestruturación xeral ou total** que afecten á edificación comple-*

*ta, o prazo de presentación do informe así como o das sucesivas renovacións, comenzará a contar a partir da data de emisión do preceptivo certificado de finalización de obra.*

*6.5.— A idade da edificación acreditarase mediante os seguintes documentos, relacionados por orde de preferencia: (1) Certificado final de obras expedido por facultativo/s competente/s; (2) Licenza de primeira ocupación; (3) Comunicación ó Concello do remate das obras; (4) Licenza de obras. En ausencia deles, tomarase como data de terminación a que resulte de calquera comprobación municipal desa situación e, no seu defecto, determinarase por calquera medio de proba admisible en Dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características constructivas* ***relacionando os documentos e datos polos que se lle atribúe a dita antigüidade.***

*6.6.— Sen prexuízo do anterior, a Administración municipal colaborará cos interesados facilitándolles os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros.*

*ARTIGO 7.— REXISTRO DE ITE E LIBRO DO EDIFICIO*

*7.1.— Para os efectos previstos nesta Ordenanza, constituirase na Xerencia un rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, denominado «Rexistro de Inspección Técnica da Edificación» no que quedará constancia da data de presentación e do contido de cada un dos informes e das Fichas Técnicas da edificación que se presenten* ***e a data de terminación das obras reflectidas no correspondente certificado técnico.***

*7.2.— A función deste Rexistro será o control do cumprimento das obrigas establecidas nesta Ordenanza.*

*7.3.— Os datos que consten nel serán públicos ós únicos efectos informativos e estatísticos, verificándose o acceso ó mesmo de acordo co previsto no artigo 37 da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na LO.15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no que resulte de aplicación.*

*7.4.— As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos informes e as súas correspondentes Fichas Técnicas xuntaránse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios ou polas persoas legalmente responsables nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal e transmitidas ós seus novos titulares en caso de alleamento por calquera título, de conformidade co previsto na L.38/1999, do 5 de decembro, de Ordenación da Edificación (Art. 16) e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma.*

*ARTIGO 8.— CONSECUENCIAS DO INCUMPRIMENTO DA PRESENTACIÓN EN PRAZO DO INFORME*

*8.1.— Se a Xerencia descubrise que non se efectuaron e presentaron en prazo as inspeccións periódicas da edificación previstas nesta Ordenanza, ordeará a realización das mesmas, outorgando ó efecto un prazo de 3 meses.*

*8.2.— Transcorrido este prazo sen que se cumprise o ordeado e sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto na LOUGA e no RDU, a Xerencia poderá realizar a ITE de oficio e a custa dos obrigados. Para es-*

*tes efectos, notificaráselles a identidade do técnico colexiado designado e o custo estimativo da súa intervención. Os honorarios a percibir polos traballos da ITE serán exaccionados pola Xerencia ós propietarios, puidendo recorrer, de ser o caso, á vía de constrinximento.*

*8.3.— Coa finalidade de levar a cabo a execución subsidiaria prevista no parágrafo anterior, a Xerencia poderá formalizar convenios de colaboración cos colexios profesionais a fin de que os colexiados que reúnan os requisitos de capacitación e idoneidade técnica necesarios poidan realizar a inspección regulada na Ordenanza. A designación dos colexiados a efectuará o respectivo colexio segundo a súa normativa interna.*

*8.4.— De non se formalizar estes convenios, a Xerencia poderá organizar un turno ó que poderán acceder todos aqueles titulados colexiados que reúnan os anteriores requisitos de capacitación e idoneidade técnica. A súa designación farase de forma rotatoria por orde de antigüidade na lista.*

*8.5.— En todo caso, a formalización de tales convenios e a contratación dos técnicos para realizar as inspeccións adecuaranse ás previsións orzamentarias da Xerencia.*

*8.6.— Non poderán concederse axudas municipais á rehabilitación total ou parcial das edificacións sen cumprir en prazo coa obriga de presentar o informe de inspección técnica da edificación.*

*ARTIGO 9.— CONSECUENCIAS DO INFORME DESFAVORABLE*

*9.1.— Se o resultado da inspección técnica fose desfavorable, a propiedade deberá solicitar e obter licencia municipal e, de ser o caso, as oportunas autorizacións sectoriais para proceder á execución das obras indicadas no informe nos prazos que no mesmo se determinen o que acreditará co correspondente certificado de finalización das obras emitido polo técnico director.*

*9.2.— Cando as obras a realizar non teñan o carácter de urxentes, o prazo para presentar a correspondente solicitude de licencia de obras na Xerencia será de 2 meses.*

*9.3.—* ***Se, malia o disposto no artigo 5.4 desta Ordenanza, o informe de ITE xustifica a existencia dun perigo inminente para as persoas ou os bens, non solventado conforme ó establecido nese precepto, o propietario deberá acompañar un compromiso de execución inmediata, baixo dirección técnica competente, de todas as medidas provisionais de seguridade recollidas no informe de ITE que de forma precautoria e preventiva eliminen a situación de risco inminente, tales como apeos, apontoamentos, retirada de elementos soltos, etc., presentando, a súa finalización, o documento xustificativo que acredite a correcta execución destas medidas.***

***A sinatura dese compromiso implica que a propiedade asume plenamente as responsabilidades de toda orde que se puidesen derivar da falla de mantemento en condicións de seguridade do edificio, sen prexuízo de que, en calquera momento, a Xerencia de Urbanismo poida ditar unha orde de execución conforme ó previsto no artigo 10 desta Ordenanza.***

*9.4.— A subsanación das deficiencias observadas farase constar, en todo caso, no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación.*

*ARTIGO 10.— ORDES DE EXECUCIÓN POR NON REALIZAR AS OBRAS PREVISTAS NO INFORME*

*10.1.— De se incumprir o disposto nos apartados 9.1., 9.2. e 9.3. do artigo anterior e con base no informe da ITE, os servicios técnicos e xurídicos da Xerencia emitirán informe propoñendo o órgano competente da Xerencia o inicio de procedemento para dictar unha orde de execución ou incoar de oficio o expediente de declaración de ruína do inmoble, de resultar procedente a adopción desta medida.*

*10.2.— As ordes de execución que se dicten a resultas do informe da ITE e dos informes técnicos e xurídicos municipais deberán conter a determinación concreta das obras que fosen precisas para restablecer as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estructurais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, e fixar os prazos de comezo e execución para o cumprimento voluntario do ordeado polo propietario; prazos que estarán en función da importancia, volume e complexidade das obras por realizar.*

*10.3.— Igualmente, determinarase se a entidade das obras esixe a redacción de proxecto técnico e de estudio de seguridade e saúde e a existencia de dirección facultativa.*

*ARTIGO 11.— RÉXIME SANCIONADOR*

*11.1.— O incumprimento do propietario da súa obriga de presentación do primeiro e sucesivos informes no tempo e a forma establecidos nesta Ordenanza, así como das ordes de execución das obras resultantes da inspección técnica, constitúe, de acordo co artigo 217.4 da LOUGA, infracción urbanística leve, que será sancionada con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a]*
*LOUGA).*

*11.2.— Conforme co preceptuado no artigo 223 da LOUGA, a potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na lexislación do procedemento administrativo. O prazo para resolver o procedemento sancionador será de 1 ano contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se dictase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No suposto de que a infracción non prescribise, deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.*

*11.3.— No tocante ós órganos competentes para a imposición das sancións e ós prazos de prescrición de infraccións e sancións estarase expresamente ó disposto sobre o particular na*
*LOUGA.*

*ARTIGO 12.— RÉXIMEXERAL DO DEBER DE CONSERVACIÓN*

*12.1.— O cumprimento da obriga formal establecida nesta Ordenanza entenderase sen prexuízo do réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente e das facultades de inspección urbanisticas atribuídas á Xerencia.*

*12.2.— No exercicio desa potestade municipal de policia urbanística poderá ordear en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte e de acordo co procedemento previsto nos artigos 26 e seguintes do RDU, a execución das obras requeridas para o cumprimento dos deberes de conservación, adoptando ou ordeando ós propie-*

*tarios a adopción das medidas provisionais e urxentes que, de ser o caso, resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidese recair e evitar a causación de danos ás persoas e ós bens.*

*DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Documentación dos proxectos técnicos.*

*Os proxectos técnicos de edificación que se presenten a partir da entrada en vigor desta Ordenanza para a obtención da correspondente licencia municipal deberán incluír obrigatoriamente na súa documentación as especificacións técnicas e detalles constructivos relativos ós elementos exteriores da edificación (fachadas interiores e exteriores, paramentos e cuberta) e ós demáis elementos arquitectónicos susceptibles de desprenderse e caír sobre a vía pública ou afectar a terceiros (cornixas, gárgolas, aleiros, canles, imbornais, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, cenefas, impostas, escudos, etc.); en especial cando se prevea a execución dos revestimentos das fachadas mediante chapados ou aplacados.*

*Incluirase, igualmente, a xustificación técnica da seguridade deses elementos de acordo coas regulamentacións aplicables.*

*DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: Convenios de colaboración.*

*Ademáis dos convenios que se poidan formalizar ó abeiro do disposto no artigo 8.3 desta Ordenanza e nos que se concretará a posible colaboración dos colexios profesionais nos procedementos de execución subsidiaria nos supostos de incumprimento polos propietarios da obriga de realizar a ITE, a Xerencia poderá celebrar outros, con eses mesmos colexios ou coas organizacións e asociacións profesionais do sector interesadas, nos que se establezan mecanismos de coordenación e de intercambio de información útil e se prevea a organización de xornadas técnicas e de difusión da Ordenanza, cursos de formación e especialización para profesionais, campañas divulgativas entre a poboación e demáis medidas tendentes a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da súa aplicación.*

*DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA: Réxime de subvencións.*

*O Concello de Vigo poderá establecer, de acordo coas súas disponibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que poderán beneficiarse os propietarios que acrediten fidedignamente a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo da inspección técnica da edificación regulada nesta Ordenanza. En todo caso, o outorgamento das axudas axustarase ós criterios vixentes para o acceso á vivenda protexida, de forma que a súa contía estea en función dos ingresos da unidade familiar.*

*DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA*

*1.— As disposicións desta Ordenanza serán aplicables ás edificacións en función da súa antigüidade, debendo someterse á primeira inspección nas seguintes datas:*

a) *As edificacións construidas ata 1919, durante o ano 2006.*
b) *As edificacións construidas entre 1920 e 1939, durante o ano 2007.*
c) *As edificacións construidas entre 1940 e 1949, durante o ano 2008.*
d) *As edificacións construidas entre 1950 e 1959, durante o ano 2009.*

e) *As edificacións construidas entre 1960 e 1969, durante o ano 2010. g) As edificacións construidas entre 1970 e 1980, durante o ano 2011. i) As edificacións construidas en 1981, durante o ano 2012.*

*2.— Unha vez presentado o primeiro informe, a preceptiva renovación efectuarase conforme ó réxime xeral previsto no artigo 6.3 desta Ordenanza.*

*3.— En ningún caso esta disposición transitoria poderá xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.*

***DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA***

***Queda derrogada expresamente a «Ordenanza Municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións do Excmo. Concello de Vigo» aprobada definitivamente en sesión plenaria do 01.04.2005 e publicada no BOP n° 93, do 16.05.2005, que entrou en vigor o 01.01.2006.***

*DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA*

*A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.*

*DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA*

*Conforme co establecido no artigo 70.2 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, esta Ordenanza será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e entrará en vigor ós quince dias hábiles, rexendo en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación.*

## ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**59(1917).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE157.856,05 Á UTE ESYCSA-ETRA, POR TRABALLOS DE INSTALACIÓN DE LEEDS NA REDE SEMAFÓRICA DO CONCELLO. EXPTE. 77188/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 11-12-2009 da enxeñeiro técnico municipal, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a convalidación do gasto derivado das actuacións realizadas con motivo da instalación das ópticas LED a favor de U.T.E. ESYCSA-ETRA, con CIF. U-36920692 polo importe que figura na factura nº 36200032, que se achega, por un importe total de 157.856,05 EUROS con cargo á partida 2220 2270603, Conservación e mantemento da rede semafórica.

**60(1918).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE PROCESAMENTO QUE SOPORTE A MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONCELLO. FASE II. EXPTE. 4132/113.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións de expediente, de conformidade co informe proposta de data 14.12.2009, do xefe da Unidade Administrativa de Contratación, visto o informe da Intervención Xeral de data 14.12.2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa **TELINCO INFORMÁTICA, S.L.U.,** o procedemento negociado sen publicidade para a subministración dunha plataforma de procesamento que dea soporte á modernización administrativa do Concello de Vigo. Fase II ordenadores persoais, clientes lixeiros e ordenadores (Expediente: 4132-113) por un prezo sen IVE de 60.000 euros, sendo a cota correspondente ó IVE de 9.600 euros e o prezo incluído o IVE de 69.600 euros, e coas seguintes prestacións adicionais.

- Propón a entrega dos seguintes equipos:
  - 120 unidades de ordenadores persoais cun custo por unidade de 417,60 euros IVE incluído.
  - 40 unidades de clientes lixeiros cun custo por unidade de 313, 20 euros IVE incluído.
  - 15 unidades de ordenadores portabeis cun custo por unidade de 464 euros IVE incluído.
- Diminúe o prazo de entrega a 3 días laborables.
- Aumenta o prazo de garantía a 60 meses.
- Propón un prezo anual de mantemento: sen custe durante 60 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23-11-2009 e a oferta presentada.

**61(1919).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DA SEGUNDA FASE DE ADAPTACIÓN DALGÚNS SISTEMAS DE XESTIÓN INTERNA DO CONCELLO PARA CUMPRIR COA LEI DE ACCESO ELECTRÓNICO DOS CIDADÁNS. EXPTE. 4104/113.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 14-12-2009, do xefe da oficina administrativa de Contratación, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización do 14.12.2009,conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa IMATIA INNOVATIÓN, S.L., o procedemento negociado con publicidade para a contratación da segunda fase da adaptación de algúns sistemas de xestión interna do Concello para cumprir ca Lei de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos (Expediente: 4104-113) *por uns prezos, IVE incluído, de:*

- Prezo en custe día de persoal adicado: 241, 58 euros
- Prezo anual do mantemento correctivo: 0 euros.
- Prezo do custo hora do persoal á demanda: 20 euros.

E coas seguintes prestacións adicionais:

- Amplía o periodo de garantía en 120 meses.
- A oficina de traballo estará ubicada en Vigo.
- Propón a execución do nº de procedementos relacionados por cada unha das seguintes tarefas:
  - 500 procedementos de definición de novas guías de tramitación 20%.
  - 1000 procedementos de definición de novos procedementos para a BDUAC e as altas na mesma.
  - 500 procedementos de novos procedementos con tramitación electrónica.

- O equipo que propón para a realización do proxecto está formado por:
  - Director de proxecto: enxeñeiro industrial.
  - Técnicos de desenvolvemento: un enxeñeiro en telecomucnicacións e un licenciado en Ciencias empresariais
  - Técnico de apoio: un enxeñeiro informático.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23-11-2009 e a oferta presentada.

**62(1920).- AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A INICIATIVAS DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO PROMOVIDAS POR ONGDS. EXPTE. 48115/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do xefe da área de Benestar Social de data 16-12-2009, conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Ampliar o prazo de xustificación establecido na cláusula décimo quinta das bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións a iniciativas de sensibilización e educación para o desenvolvemento, promovidas por ONGDs., ata o 30 de xaneiro de 2010, a efectos do total cumprimento das finalidades para as que se conceden as subvencións e a aplicación dos fondos recibidos.

**63(1921).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

kv/me

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.